

PROTOCOLO LINGUA VITAL

Para reverter a emerxencia lingüística



GARDA A CALMA

Respira fondo.
Identifica as nefastas
políticas lingüísticas
do goberno.



COLLE ENERXÍA

Hidrátate e inxire
nutrientes.
É hora de comezar
o cambio.



DEFENDE OS TEUS DEREITOS

Garante o uso
e demanda presenza
do galego en todos
os eidos.



PENSA EN COLECTIVO

Desafía as malas
estadísticas e confía
nos procesos
en comunidade.



ÚNETE A LINGUA VITAL

Participa no proceso
social Lingua Vital
e comprométete.



ACODE AO PUNTO DE ENCONTRO

E se todo saír ben?

LINGUAVITALXA!



Índice

2 MUDEMOS DE RUMBO. POLO FUTURO DO GALEGO. LINGUA VITAL XA!	9 5. Ámbito socioeconómico
3 O PROCESO SOCIAL LINGUA VITAL	9 Obxectivos para o ámbito socioeconómico no PXNLG de 2004
3 OBXECTIVOS DO PXNLG DE 2004	9 Avaliación e principais obstáculos detectados
3 Obxectivos xerais	11 Medidas complementares propostas
3 Obxectivos horizontais	11 <i>Servizos de saúde</i>
3 Dereitos lingüísticos	11 <i>Servizos sociais</i>
3 Novas tecnoloxías	11 <i>Lecer, tempo libre e actividades deportivas</i>
3 Implementación do corpus	11 <i>Crenzas Religiosas</i>
3 Avaliación xeral do cumprimento dos obxectivos horizontais	11 <i>Inmigración</i>
4 MEDIDAS PARA UNHA LINGUA VITAL	11 <i>Asociacionismo</i>
4 1. Dereitos lingüísticos	12 <i>Turismo</i>
4 2. Antroponimia, toponimia e lingua de calidade	12 <i>Economía</i>
4 Toponimia e antroponimia	12 6. Medios de comunicación, cultura e novas tecnoloxías
4 Calidade da lingua	12 Obxectivos do sector medios de comunicación e industrias culturais no PXNLG de 2004
5 3. Servizos públicos	13 <i>Medios de comunicación</i>
5 Un novo rumbo para o galego na Administración	13 <i>Industrias culturais</i>
5 Obxectivos do sector Administración no PXNLG de 2004	13 Avaliación e principais obstáculos detectados
6 Avaliación de obxectivos e principais obstáculos detectados	13 Medidas complementares propostas
6 Medidas complementares propostas	14 7. Cultura
6 <i>Xunta de Galiza</i>	14 8. Proxección exterior e lusofonía
6 <i>Administración local</i>	15 Obxectivos do sector Proxección exterior no PXNLG de 2004
6 <i>Xustiza</i>	15 Proxección exterior da lingua
6 <i>Administración Xeral do Estado</i>	15 <i>Relacións co resto do Estado e co exterior</i>
7 4. Ensino	15 <i>Relacións con outros territorios de lingua galega</i>
7 Obxectivos do sector ensino, mocidade e familia no PXNLG de 2004	15 <i>Emigración</i>
7 Avaliación e principais obstáculos detectados	15 <i>Aproveitamento dos vínculos coa lusofonía</i>
8 Medidas complementares propostas	15 <i>Avaliación e principais obstáculos detectados</i>
	15 <i>Medidas complementares propostas</i>



OSCAR ANTÓN PÉREZ GARCÍA

DECLARACIÓN UNITARIA POLA LINGUA DO 17 DE NOVEMBRO DE 2024 (PRAZA DA QUINTANA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA)

MUDEMOS DE RUMBO. POLO FUTURO DO GALEGO. LINGUA VITAL XA!

Novos datos poñen en evidencia o estado de emerxencia lingüística do galego con niveis de descoñecemento e emprego inéditos na historia da lingua. Son o resultado do predominio e da hexemonía do castelán intensificada nos últimos anos co aumento da exclusión do idioma propio de Galiza da oferta en todos os ámbitos, nomeadamente no ensino, mais tamén no lecer infantil e xuvenil, administración, xustiza, televisión e audiovisual ou nas actividades comerciais e económicas. Así o vimos denunciando desde hai anos. A mobilización social polo idioma de Galiza logrou que do Consello de Europa ou da ONU dirixisen advertencias á Xunta de Galiza para que mude a actitude sobre o galego.

Reverter esta situación é posíbel co compromiso de todas e todos, comezando polas institucións galegas e polos colectivos sociais. Cómpre, en primeiro lugar, asegurar o dereito de uso do galego e o deber de correspondelo con presenza e disposición como indicaba o PXNLG que, a pesar do desleixo da Xunta e de non se ter posto en práctica nos último 15 anos, mantén obxectivos plenamente vixentes. O PXNLG, como grande acordo nacional pola lingua, debe ser reactivado como punto de partida dunha nova política a favor do noso idioma e da súa normalización.

A Plataforma Queremos Galego anima a toda sociedade galega, entidades sociais de todo tipo e persoas a título individual a mobilizarse para un novo rumbo para a lingua cos seguintes puntos mínimos:

- 1 Vixencia dos obxectivos do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega aprobado por unanimidade en 2004.
- 2 Elaboración por parte da Xunta de Galiza, Estado e entidades locais, coa participación de entidades sociais, dun calendario de acción para a aplicación e actualización de todas as medidas deste Plan, cos recursos necesarios (humanos, técnicos, económicos...) para levalo a cabo.
- 3 Este calendario contemplará a avaliación dos resultados das medidas unha vez aplicadas e as correccións que foren precisas.

→ Medidas urxentes

→ **ENSINO.** Derrogación do decreto 79/2010. Aprobación dun novo decreto que asegure os máximos niveis de docencia en galego en todas as etapas educativas. Garantía inmediata de oferta de materiais didácticos en todas as etapas do ensino.

→ **ADMINISTRACIÓN, SERVIZOS PÚBLICOS, SANIDADE E XUSTIZA.** Oferta positiva en galego en todos os servizos da administración pública, for autonómica, estatal ou municipal e incluíndo servizos privatizados dependentes da administración pública. Disposición de galego en programas informáticos, información, formularios, impresos e na atención en todas as súas formas. Coñecemento de galego por todos/as os/as traballadores/as públicos/as.

→ **CULTURA E LECER.** Recuperar o papel normalizador da TVG, con ampla oferta para o público infantil e xuvenil adaptada a todos os dispositivos e potenciación da artes escénicas e musicais en galego e produción en galego; accións para que se cumpran os mínimos legais de presenza de galego na oferta radiofónica e audiovisual e se aumenten as cotas de dobraxe, lexendaxe, e financiamento anticipado de produción independente. Afortalar o sistema literario e editorial. Uso do galego en actividades deportivas, de tempo libre e extraescolares.

→ **ACTIVIDADES COMERCIAIS E ECONÓMICAS.** Asegurar o pleno dereito de uso do galego, coa atención e a oferta correspondente, en todo tipo de servizos.

A ESTAS MEDIDAS, O PROCESO SOCIAL LINGUA VITAL ENGADE: Incorporar as mudanzas legais necesarias para establecer a Avaliación de impacto lingüístico de todas as normas que se aproben e que analizará e valorará os resultados que poida ter en relación aos obxectivos de promoción e normalización do galego fixados pola lexislación e os Plans de Normalización da Lingua Galega.

O PROCESO SOCIAL LINGUA VITAL

Para conseguir avances na normalización da lingua galega e garantir a súa presenza e oferta en todos os espazos e para todos os usos acadáronse e ratificáronse acordos nacionais e internacionais. Entre eles destacan pola súa unanimidade a Declaración Universal dos Dereitos Lingüísticos (1996), a Carta Europea das Lingua Rexionais e Minorizadas (2001), o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega (2004) e a Lei Paz Andrade (2014).

No entanto, é evidente que estes acordos non se están a respectar, que as medidas que indicaban non se aplican e que neste tempo se chegou a lexislar en contra deles. O resultado deste desleixo é a aceleración da tendencia negativa no uso do galego e unha porcentaxe de incapacidade para falalo inédita na historia de Galiza.

Na plataforma cidadá Queremos Galego coidamos que é hora de reaxir e de que, como sociedade, asumamos a responsabilidade da que desertaron as institucións. Fixémolo a través do Proceso social Lingua Vital coa participación de todas as entidades, colectivos e organizacións de Galiza que queren mudar o rumbo do galego.

O obxectivo deste proceso é avaliar o cumprimento dos acordos, identificar os obstáculos que impediron o seu cumprimento e, finalmente, propor accións concretas que comprometan a colectivos sociais e institucións na súa execución partindo dos acordos unánimes.

Fixémolo a través de grupos de traballo sectoriais, debatendo as propostas das diferentes entidades e colectivos participantes. Estes grupos definiron as propostas postas en común coa representación dos grupos e entidades sociais de ámbito nacional. Tamén se convocaron plenarios comarcais de Queremos

Galego onde se recolleron achegas, que xunto ás remitidas online foron debatidas nos grupos de traballo e incorporadas ao documento final.

O resultado deste proceso será presentado ás entidades sociais e ás diferentes institucións implicadas, co fin de instalas a poren todos os medios e vontade para poñelos en marcha. Por parte dos colectivos e entidades sociais traballarase coordinadamente nun calendario de actuación e aplicación das medidas que estea da súa man executar.

As medidas que implican os poderes públicos irán sinaladas neste protocolo dentro do grupo 1 (.1). As que ademais poden ser obxecto de accións por parte de colectivos sociais de diferente tipo, dentro da súa área de actuación, conxuntamente, en coordinación con outros ou colectivamente a través da plataforma cidadá Queremos Galego, irán sinaladas no grupo 2 (.2).

Todas estas medidas son complementares e/ou actualizan as contempladas no PXNLG de 2004 cuxos obxectivos se manteñen.



Coidamos que é hora de que, como sociedade, asumamos a responsabilidade da que desertaron as institucións. Fixémolo a través do Proceso social Lingua Vital coa participación de todas as entidades, colectivos e organizacións de Galiza que queren mudar o rumbo do galego.

OBXECTIVOS DO PXNLG DE 2004

→ Obxectivos xerais

- Garantir a posibilidade de vivir en galego a quen así o desexe, sabendo que conta co amparo da lei e das institucións.
- Conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso, priorizando a súa presenza en sectores estratéxicos.
- Introducir na sociedade a oferta positiva de atender o cidadán ou o cliente en galego como norma de cortesía dun novo espírito de convivencia lingüística.
- Promover unha visión afábel, moderna e útil da lingua galega que esfarele prexuízos, reforce a súa estima e aumente a súa demanda.
- Dotar o galego dos recursos lingüísticos e técnicos necesarios que o capaciten para vehicular a vida moderna.

→ Obxectivos horizontais

→ DEREITOS LINGÜÍSTICOS

- Conseguir que todos os cidadáns coñezan de forma efectiva o seu dereito a se expresaren e a seren atendidos en galego.
- Promover o exercicio do dereito a expresarse e a ser atendido en galego.
- Eliminar calquera atranco no exercicio dese dereito.

→ NOVAS TECNOLOXÍAS

- Fomentar a presenza do galego nas novas tecnoloxías e na telefonía móbil.
- Lograr unha oferta ampla e competitiva de produtos e recursos informáticos en galego.
- Potenciar a presenza da lingua galega en Internet.
- Potenciar a investigación nas tecnoloxías do ámbito da lingüística computacional, o recoñecemento e a síntese de voz, e outras novas técnicas que vaian aparecendo e que faciliten a opción positiva no mercado da información e da comunicación e que aseguren a libre circulación do galego nos sistemas avanzados da sociedade actual.

→ IMPLEMENTACIÓN DO CORPUS

Pór ao alcance dos cidadáns e dos sectores profesionais os medios formativos, didácticos, técnicos, lingüísticos e terminolóxicos suficientes que lles aseguren unha completa capacitación lingüística e un emprego doado do galego nas súas actividades persoais e profesionais.

→ AVALIACIÓN XERAL DO CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS HORIZONTAIS

Calquera contraste dos obxectivos do PXNLG de 2004 cos datos sobre a presenza da lingua galega nos diferentes ámbitos e sectores da sociedade demostra que non só non estamos máis perto de os acadar, senón que estamos nunha situación peor que en 2004.

Non houbo avances significativos na incorporación da lingua galega a novas funcións nin espazos de uso en sectores estratéxicos, ben ao contrario, nalgúns casos poderíamos sinalar retrocesos. Non se actuou para introducir na sociedade a oferta positiva de atender a cidadanía ou clientela en galego como norma de cortesía. Lonxe de promover unha visión afábel, moderna e útil da lingua galega, o propio goberno galego axitou vellos prexuízos e minou a estima de parte da sociedade cara á lingua levado por intereses mesquiños e electoralistas.

Todos os que desexamos vivir en galego sabemos que esta posibilidade non está garantida e que moitas veces son as propias institucións públicas as que nolo dificultan, ben por acción directa ben por omisión ao se negar a impulsar realizar as mudanzas legais e técnicas para garantir a oferta e disposición de galego en todos os espazos. Á vista están os datos de uso do galego, os retrocesos producidos en ámbitos como o ensino ou mesmo a consideración do galego como lingua válida en todas os ámbitos tal e como se desprende da actitude da Xunta sobre a oficialidade do galego na UE ou a non participación de Galiza con voz propia na UNESCO.



Lonxe de promover unha visión afábel, moderna e útil da lingua galega, o propio goberno galego axitou vellos prexuízos e minou a estima de parte da sociedade cara á lingua levado por intereses mesquiños e electoralistas.

MEDIDAS PARA UNHA LINGUA VITAL

Estas medidas actualizan e complementan as xa publicadas e aprobadas no PXLNG de 2004. As medidas que implican os poderes públicos indícanse no grupo 1(.1). As que ademais poden ser obxecto de accións por parte de colectivos sociais de diferente tipo, dentro da súa área de actuación, conxuntamente, en coordinación con outros ou colectivamente a través da plataforma cidadá Queremos Galego, indícanse no grupo 2(.2).

→ 1. Dereitos lingüísticos

O dereito ao uso do galego en Galiza, sempre e en todo lugar, é un dereito humano irrenunciábel que os poderes públicos teñen obriga de garantir e defender. Isto afecta a todos os sectores e ámbitos da sociedade. Para unha avaliación do seu cumprimento abonda ver os informes ao respecto realizados polo Comité de expertos do Consello de Europa que confirman o que ten sido posto de manifesto en numerosas ocasións por entidades sociais de todo tipo.

Neste sentido cómpren avances normativos que aseguren o dereito a vivir plenamente no noso idioma con oferta positiva, extensión da información e coñecemento. Toda a lexislación debe ser sometida a unha revisión que asegure a atención, presenza e disposición de galego en todo o que se vexa afectada por ela.

- 1.1.1** Incorporar as mudanzas legais necesarias para establecer unha avaliación de impacto lingüístico de todas as normas que se aproben e que analizará e valorará os resultados que poida ter en relación aos obxectivos de promoción e normalización do galego fixados pola lexislación e os Plans de Normalización da Lingua Galega.
- 1.2.1** Estabelecemento en todo tipo de servizos públicos do uso, presenza e disposición da lingua galega.
- 1.3.1** Garantía de disposición do íntegro dos contidos das webs institucionais en lingua galega (incluídos anexos, materiais adicionais, memorias...)

1.4.1 Oferta positiva e galego como lingua de inicio no trato coas administracións incluíndo cargos intermedios e superiores da Administración.

1.5.1 Coidar de que os materiais (formularios, PDF...) estean sempre dispoñíbeis en lingua galega.

1.6.1 Iniciar as modificacións legais oportunas para o cumprimento da Carta Europea das Linguas rexionais e minorizadas en todos os sectores e das medidas propostas neste documento e no PXNLG e 2004.

1.7.2 Informar amplamente a través de campañas específicas, cartaces, anuncios, redes sociais... da existencia do dereito ao uso do galego e daquilo no que se traduce (dereito a ter copias en galego, a remitir escritos en galego, a atención polo funcionariado en galego...) nas diferentes administracións públicas, como xa existen doutras materias.

1.8.2 Realización de actividades de promoción do uso da lingua entre o funcionariado e recoñecemento profesional do seu uso.

1.9.2 Defensa das persoas galego-falantes fronte a vulneracións nas administracións públicas, cunha figura de valedoría ou unha canle de queixa específica, que publique anualmente os seus resultados e memorias, con mención expresa das administracións incumpridoras (similar á publicación na web dos informes da Valedora do Pobo).

1.10.2 Formar e sensibilizar o funcionariado sobre os dereitos lingüísticos, mais tamén profesionais auxiliares (Notariado, Avogacía, Procuradoría, Xudicatura, Forzas e Corpos de Seguridade...).

→ 2. Antroponimia, toponimia e lingua de calidade

Un verdadeiro compromiso co idioma debe contemplar necesariamente a observación e reivindicación dos nomes propios, sexan de lugar ou de persoa, como a promoción do uso público dun modelo de lingua calidade (esfera audiovisual, cultural, governamental, política, sindical etc.). Para o primeiro dos casos, e aínda que haxa textos legais do ámbito galego e español que indican que a única forma oficial para os topónimos ten de ser a galega, asistimos con relativa frecuencia a unha barbarización ou deturpación formal que consiste na hibridación co castelán, manifestada en diferentes graos. Nos antropónimos, non regrados legalmente, tamén se verifica unha españolización que conduce a absurdos etimolóxicos e semánticos do tipo **Goyanes*, **Seijas* ou **Teijeiro* en vez dos léximos *Goiáns*, *Seixas* ou *Teixeiro*.

Canto ao segundo dos casos, o concernente ao uso público dunha lingua de calidade, faise preciso un labor continuado para evitar a utilización dos españolismos desnecesarios e para fomentar os trazos gramaticais e lexicais característicos e tradicionais do galego, comúns, na maioría dos casos, a todo o dominio galego-portugués. Tórnase ben difícil dignificar –e moito menos normalizar– unha variedade lingüística fortemente interferida polas estruturas gramaticais do español ou con abundantes vocábulos provenientes deste idioma. Por iso, cómpre potenciar un modelo de lingua que free dalgunha forma o perigoso proceso de hibridación en que o galego sobrevive, e ese modelo debe ser tido en conta notadamente polos medios de información, polas persoas que teñen responsabilidades coa lingua (profesorado, técnicos/as de normalización etc.), polas institucións académicas e gobernamentais ou polas persoas que desenvolven funcións de representación política e sindical.

De maneira a conseguir estes propósitos, as principais medidas contempladas son sintetizábeis nas dúas seguintes seccións.

Tórnase ben difícil dignificar –e moito menos normalizar– unha variedade lingüística fortemente interferida polas estruturas gramaticais do español ou con abundantes vocábulos provenientes deste idioma. Por iso, cómpre potenciar un modelo de lingua que free dalgunha forma o perigoso proceso de hibridación en que o galego sobrevive.

→ TOPONIMIA E ANTROPONIMIA

2.1.1 Estabelecer a sinalética en galego en todos os servizos públicos da administración autonómica, local e estatal conforme ao sinalado pola Lei de Normalización Lingüística.

2.2.1 Recuperar e/ou restaurar, se posíbel, e cos informes previos oportunos, o topónimo tradicional (Camiño da Gouxa, non **Camino de Jouxa*; Camiño das Eiriñas, non **Calle/Rúa Comuneros de Castilla*; Rúa dos Alcabaleiros, non **Calle/Rúa Caballeros*; Lama de Oza, non **Lamadosa* nin **La Madosa*).

2.3.1 Cando isto non for viábel, informar do nome tradicional recolléndoo na sinalética da administración: Praza Pontevedra (antigamente Porta da Torre de Arriba), Rúa Juan Flórez, (antigamente Camiño Novo), Rúa Gutenberg (antigamente Lugar da Ramalleira).

2.4.1 Acudir ao portugués en casos de dúbida sobre a fixación formal e/ou documental dos nomes de lugar: Cimadevila / Cima de Vila > Cima de Vila; **Ilesario* / **Iglesario* / *Irexario* / *Igrexario* > *Igrexario*; etc.

2.5.1 Recoller e custodiar a toponimia e talasonimia. Na actualidade hai listaxes de toponimia e microtoponimia terrestre, mais non tanto de talasónimos.

2.6.1 Instar os cidadáns e cidadás a corrixiren os apelidos barbarizados: **Freijido* > *Freixido*, **Seijas* > *Seixas* etc., incluíndo campañas explicativas na RG e na TVG.

2.7.1 Denunciar agresións contra a toponimia e exixir compromiso institucional coa lexislación que a ampara.

2.8.1 Fomentar entre a mocidade a figura de “custodiadores” deste patrimonio inmaterial, procurando a colaboración de administracións públicas, centros de ensino e entidades sociais.

2.9.2 Exixir aos medios de información (públicos ou privados) o uso da toponimia oficial en harmonía coa legalidade vixente (**La Coruña* > *A Coruña*, **Órdenes* > *Ordes*, **Orense* > *Ourense*, **Teijeiro* > *Teixeiro* etc.). O mesmo coa toponimia galega exterior (**Villanueva de Oscos* > *Vilanova de Ozcos*, **La Teijeira* > *A Teixeira* etc.).

→ CALIDADE DA LINGUA

2.10.1 Utilizar os medios de información públicos (radio e TV) e as redes sociais de forma a elaborar uns breves espazos de tempo destinados a proporcionaren indicacións sobre o uso dunha lingua de calidade (infinitivo flexionado, futuro do subxuntivo, Complemento directo sen a, posición dos clíticos, posición dos posesivos, léxico etc.).

- 2.11.1 Desenvolver tamén nas emisoras privadas similares programas para aprimoraren a utilización da lingua.
- 2.12.1 Desenvolver produtos audiovisuais (tertulias, debates, entrevistas etc.) con persoas galegas e portuguesas sobre temas que envolven os dous países (culturais, económicos, políticos etc.).
- 2.13.1 Incluír na lexislación galega a obriga das entidades públicas e o deber do seu persoal de empregaren correctamente a lingua galega e o dereito da cidadanía e do propio persoal a recibiren desas entidades unha lingua galega correcta.
- 2.14.1 Estabelecer un procedemento rigoroso para contrastar sistematicamente a corrección da lingua galega e dos topónimos nos sinais e letreiros públicos.
- 2.15.1 Implantar un órgano ou un sistema xeral público, potente e con medios amplos, para o asesoramento da poboación na lingua galega de carácter gratuito como regra xeral.
- 2.16.1 Estabelecer unha oferta pública dunha formación na lingua galega masiva, continua e preferentemente presencial para a poboación en xeral, que deberá ser obrigatoria nos casos de responsabilidade engadida no seu uso: emprego público, cargos públicos, medios de difusión, empresas encargadas de servizos públicos etc.
- 2.17.1 Campañas de sensibilización sobre nomes e apelidos deturpados dende a Administración Pública a través, entre outros, dos medios de comunicación públicos.
- 2.18.1 Promover un observatorio da calidade lingüística coa participación dos departamentos de lingua galega das tres universidades.
- 2.19.1 Promover o traballo do TERMIGAL e a actividade de creación e difusión terminolóxica en xeral, principalmente en áreas estratéxicas e acudindo ao portugués naquelas áreas que presentan lacunas relevantes

- 2.20.1 Promover unha linguaxe clara nas comunicacións e nos documentos administrativos para facilitar a comprensión á cidadanía.
- 2.21.1 Dotar todos os departamentos da Xunta das tecnoloxías axeitadas para melloraren o impacto das políticas da promoción e calidade da lingua.
- 2.22.1 Impulso á innovación a través de tecnoloxías dixitais avanzadas para a Administración e o uso dun galego de calidade en todos os servizos.
- 2.23.1 Deseñar e implementar un portal de consulta lingüística.
- 2.24.1 Incorporar o galego en visores e aplicacións cartográficas de alcance mundial.
- 2.25.1 Fomentar e apoiar a investigación, sobre todo cualitativa, sobre a situación da lingua galega.
- 2.26.1 Naqueles campos no que exista un baleiro terminolóxico en galego propor as fontes da lusofonía.
- 2.27.2 Denunciar usos bárbaros do galego mal coñecido como “popular” (pode e debe haber un galego popular, mais limpo de barbarizacións e hibridacións, conforme se leva sinalando desde o século XIX: Saco Arce (1876), Pérez Ballesteros (1885/6), García Blanco (1912), Carré Aldao (inicios do séc. XX), Lugrís Freire (1931) etc.
- 2.28.2 Organizar seminarios (regrados ou non) orientados para o uso dunha lingua de calidade en entidades culturais e veciñais.
- 2.29.2 Facer fincapé no concepto de “lingua de calidade” (X. R. Freixeiro) como máis unha ferramenta cara á normalización.
- 2.30.2 Animar unha lingua inclusiva, non sexista e non discriminatoria.

→ 3. Servizos públicos

→ UN NOVO RUMBO PARA O GALEGO NA ADMINISTRACIÓN

O porvir da lingua galega está ligado de xeito indisoluble á súa vitalidade nos espazos de xestión pública. Para revertir o proceso de desgaleguización, a Administración debe transcender o seu papel de garante de dereitos e converterse nun referente de uso e prestixio, transitando dunha política de mera recomendación cara a un marco de garantía e obrigatoriedade.

As seguintes propostas artículanse arredor dun obxectivo central: consolidar o galego como a lingua normal, predeterminada e plenamente operativa en todos os niveis administrativos (autonómico, local, xudicial e estatal). Este cambio de rumbo esixe transformar a estrutura interna das institucións, asegurar a capacitación técnica do persoal e blindar legalmente os dereitos da cidadanía.

Considéranse actuacións inmediatas e inescusables as seguintes:

- O requisito lingüístico: establecer o coñecemento do galego como condición indispensábel para o acceso a todas as funcións e niveis (incluíndo a Xustiza e o Estado), garantindo que ningunha persoa sexa desatendida por falta de competencia do persoal.
- A oferta positiva e primeira atención: instaurar por regulamento que a interacción inicial coa cidadanía sexa sempre en galego, asegurando o seu papel como lingua ambiental e de acollida.
- Cláusulas lingüísticas e soberanía dixital: incorporar cláusulas obrigatorias en todos os contratos públicos para que o software, dispositivos e interfaces (GPS, ferramentas de xestión) estean configurados en galego por defecto.
- Rede profesional de normalización: estender de xeito transversal os Servizos de Normalización Lingüística (SNL) a todos os departamentos e concellos, dotándoos de apoio autonómico e coordinación técnica (Consortio).
- Protección xurídica efectiva: crear unha oficina de defensa dos dereitos lingüísticos con capacidade para tramitar queixas, denuncias e ofrecer asesoramento ante casos de discriminación.

→ OBXECTIVOS DO SECTOR ADMINISTRACIÓN NO PXNLG DE 2004

- Asegurar que nas administracións autonómica e local o galego sexa a lingua habitual nas relacións internas, nas relacións entre as administracións e nas relacións cos cidadáns, respectando o dereito individual a ser atendido na outra lingua oficial.
- Incrementar o uso da lingua galega na Administración de Xustiza e na Administración periférica do Estado en Galicia nas súas relacións internas e garantir a atención aos cidadáns en galego.

Área Xunta de Galiza

- Conseguir unha mellora das actitudes do funcionariado cara á lingua galega e a súa capacitación para realizaren en galego, con fluidez e corrección oral e escrita, o seu traballo profesional.

A Administración debe transcender o seu papel de garante de dereitos e converterse nun referente de uso e prestixio, transitando dunha política de mera recomendación cara a un marco de garantía e obrigatoriedade.

- Lograr que as persoas que traballan ao servizo da Xunta de Galiza, en calquera dos seus departamentos, practiquen a oferta positiva que xeneralice o uso do galego na Administración.
- Asumir o liderado e coordinación do proceso de normalización da lingua propia de Galiza, optimizando os recursos e colaborando coas entidades cívicas que puxeron en marcha e manteñen vivo este proceso.
- Conseguir que todos os procesos institucionais de formación e actualización do persoal ao servizo da Administración se desenvolvan de tal maneira que logren mellorar a competencia técnica en galego e as actitudes favorables a esta lingua.

Administración local

- Consolidar o papel normalizador das corporacións locais e das deputacións por medio da xeneralización do uso do galego como principal lingua de traballo e comunicación cos seus administrados.
- Incluír a promoción do galego, no concepto de servizo que o concello e a comarca lle ofrecen ao cidadán, tanto directamente como a través de empresas subcontratadas.
- Pór os medios para que todo traballador ao servizo directo ou indirecto da Administración local ou comarcal teña unha actitude favorábel ao emprego da lingua propia de Galiza, coñecemento oral e escrito suficiente para atender nesa lingua o cidadán que o desexe e que teña tamén práctica habitual da Oferta positiva.

Administración de Xustiza

- Conseguir que a todo cidadán se lle ofrezca a opción a ser atendido en galego e, se o desexar, que todas e cada unha das partes do proceso se desenvolvan nesta lingua.
- Garantirlles a capacitación lingüística a todas as persoas que traballan na Administración de Xustiza, de xeito que lle sexa doado ao cidadán exercer os seus dereitos lingüísticos.
- Propiciar o mesmo espírito de respecto á opción lingüística dos cidadáns por parte dos membros dos colexios oficiais de notarios e avogados no exercicio das súas funcións.

Administración periférica do Estado

- Velar, en cumprimento dos mandatos constitucional e estatutario, polo uso do galego nos departamentos e organismos radicados en Galiza dependentes da Administración do Estado.
- Lograr que o carácter plurilingüe do Estado sexa un feito recoñecido como natural na práctica desa Administración.



EVA FERNÁNDEZ PRIETO

→ AVALIACIÓN DE OBXECTIVOS E PRINCIPAIS OBSTÁCULOS DETECTADOS

- Falta de vontade política que dificulta a existencia de ferramentas para o uso do galego, entre elas a falta de tradución de programas informáticos e a adaptación de formularios ao galego.
- Déficit de formación: Non existen cursos presenciais de galego administrativo e, en moitos casos, a formación dispoñíbel non se valora para a carreira profesional.
- Incumprimento normativo: non se garante o cumprimento das disposicións legais sobre o uso do galego, nin existen mecanismos efectivos de control.
- Descoordinación institucional: a colaboración entre administracións de distinto signo político é insuficiente.
- Limitacións técnicas: o persoal técnico carece de formación específica para redactar pregos en galego ou incorporar microtoponimia nos traballos cartográficos.
- Falta de promoción e difusión: non existen campañas institucionais nin materiais técnicos amplamente difundidos para o persoal sanitario.
- Insuficiencia de recursos humanos: non hai suficiente persoal especializado en normalización lingüística.
- Desatención dos dereitos lingüísticos: Non se garante o dereito a ser atendido en galego nos servizos públicos, especialmente na sanidade.
- Inexistencia de cláusulas lingüísticas: os contratos e servizos externos adoitan empregarse só en español.

→ MEDIDAS COMPLEMENTARES PROPOSTAS

Xunta de Galiza

- 3.1.1** Incorporar cláusulas que aseguren a presenza e disposición do galego en todos os contratos realizados pola administración e, para facilitar e estender a súa incorporación, crear modelos de cláusulas lingüísticas para todas as administracións para a súa aplicación na contratación pública, nomeadamente en produtos e servizos que incorporen tecnoloxía dixital, e garantir o seu cumprimento.
- 3.2.1** Facer transversal a existencia de servizos de normalización lingüística en todos os departamentos da administración pública.
- 3.3.1** Establecer como requisito o coñecemento do galego en todas as funcións e niveis das administracións públicas.
- 3.4.1** Establecer que cando menos unha das probas de acceso á función pública e servizos análogos teñan que ser, necesariamente, en lingua galega.
- 3.5.1** Asegurar o requisito de coñecemento de galego en todas as funcións e niveis da administración pública.
- 3.6.1** Establecer regulamentariamente a oferta positiva e que, cando menos a primeira atención na administración, sexa en galego
- 3.7.1** Asegurar que todos os dispositivos e o software das administracións públicas están configurados en galego como idioma predeterminado.
- 3.8.1** Protexer os dereitos lingüísticos creando un organismo competente para a tramitación de calquera queixa de discriminación por razón da lingua que se reciba.
- 3.9.1** Promover o uso corporativo do galego nos corpos de policía locais dotándoos das ferramentas necesarias.
- 3.10.1** Aumentar a capacidade formativa da EGAP e das axencias, institutos e organismos que desenvolven actividades de formación para incrementaren as prazas ofertadas para a realización de cursos de linguaxe administrativa ou xurídica, tanto de nivel intermedio como superior, incluíndo as reservadas para o persoal que se encontrar destinado fóra do país.
- 3.11.1** Elaborar un plano de promoción do galego nas autoescolas.
- 3.12.1** Velar por que toda actividade subvencionada pola administración se desenvolva por norma en galego.
- 3.13.1** Incorporar como requisito (ou como mérito, cando non for posíbel) o feito de ofrecer a interface de navegación (GPS, navegador etc.) en galego nas licitacións para adquirir novos vehículos para os organismos operativos.
- 3.14.2** Promover que cada administración forneza de maneira gratuíta e obrigatoria a formación lingüística continua necesaria para o persoal da administración pública e as empresas e servizos que dela dependan.

- 3.15.2** Elaborar e ofrecer materiais de formación sobre dereitos e deberes lingüísticos para a formación continua do persoal da Administración pública e as empresas e servizos que dela dependan.
- 3.16.2** Coordinar a xestión de cuestións lingüísticas, queixas e denuncias, e desenvolver un protocolo de actuación sobre dereitos lingüísticos para defender o uso do galego con entidades sociais, locais, administracións públicas e universidades.
- 3.17.2** Ofertar cursos de aprendizaxe e mellora da lingua portuguesa para o funcionariado.

Administración local

- 3.18.1** Aprobación e actualización de ordenanzas de uso do galego e planos de normalización incluíndo o sinalado neste protocolo e no PXNLG de 2004.
- 3.19.1** Creación dun consorcio de normalización da lingua galega coa participación das diferentes administracións.
- 3.20.1** Promover conxuntamente entre as administracións locais, os servizos de normalización dos concellos e a Xunta o desenvolvemento de plans de promoción local do galego que garantan tanto a súa acción interna e externa como a dirixida á poboación nas áreas de formación, promoción do uso e sensibilización cidadá.
- 3.21.1** Creación de servizos de normalización lingüística en todos os concellos e establecer para eles unha liña de apoio autonómica suficientemente dotada.
- 3.22.1** Habilitar fórmulas de cooperación estábel entre entidades locais como pode ser a Asociación Alingua, no que participen todos os concellos.
- 3.23.1** Crear organismos de coordinación territorial con administracións e axentes sociais para facilitar o deseño e a aplicación de políticas sobre o terreo.
- 3.24.1** Introducción de cláusulas lingüísticas na contratación pública por parte das autoridades locais e empresas e servizos que dela dependan e asegurar o seu cumprimento.
- 3.25.2** Elaborar un modelo de ordenanza de lingua que sirva como base a todos os concellos.
- 3.26.2** Diseñar un modelo de Plano Local de Normalización da Lingua Galega para facilitar a acción das entidades locais, cun calendario de aplicación, de avaliación e de corrección.
- 3.27.2** Crear unha oficina para a protección dos dereitos lingüísticos que atenda as queixas e denuncias por motivos lingüísticos, preste asesoramento xurídico e promova accións legais cando proceda, en coordinación cos demais departamentos da Xunta competentes nesta materia e coas entidades sociais de defensa da lingua.

Xustiza

- 3.28.1** Tomar medidas encamiñadas a que o poder xudicial empregue o noso idioma con normalidade e facer revisións periódicas sobre o seu uso por parte da carreira xudicial e fiscal.
- 3.29.1** Establecer como requisito o coñecemento da lingua galega para acceder a prazas na Administración de Xustiza en Galiza para todos os corpos, incluída a carreira fiscal e xudicial.
- 3.30.1** Formación en galego sobre réxime xurídico das linguas e cultura galega. Mesmo o curso que o CEX imparte sobre Dereito civil foral galego está en castelán.
- 3.31.1** Requisito de posuír o nivel superior de galego para acceder a postos singularizados.
- 3.32.1** Garantir que os novos programas ou melloras informáticas de uso nas administracións públicas saian ao tempo en versión bilingüe e de maneira automática iniciaranse en galego, configurándose de xeito que por defecto aparezan as guías de tramitación cos modelos na nosa lingua. No inmediato é preciso traducir o futuro programa de xestión procesual ATENEA para que poidan tramitarse todos os procedementos en galego. Tamén a tradución de FORTUNY, aplicación da Fiscalía.
- 3.33.1** Incorporar a Lex.gal toda a lexislación consolidada e actualizada
- 3.34.2** Exixir ao Estado que garanta na práctica o exercicio do dereito a que o procedemento xudicial se tramite en galego a petición dunha das partes, en cumprimento da CERLM, debendo modificar a Lei Orgánica do Poder Xudicial e a Lei de Axuizamento Civil.
- 3.35.2** Reclamar desde as institucións galegas e entidades sociais a modificación da Lei orgánica do poder xudicial e outras normas pertinentes para establecer o coñecemento do galego como requisito para emprestar servizos na Administración de Xustiza en Galiza.
- 3.36.2** Elaborar un repositorio actualizado e a disposición dos e das operadoras xurídicas cos recursos, documentos, formularios e modelos que se empregan habitualmente.

Administración Xeral do Estado

- 3.37.1** Coordinación coa Administración Xeral do Estado, para asegurar a garantía dos dereitos lingüísticos nas áreas da súa competencia.
- 3.38.1** Requisito de galego e territorialización das ofertas de emprego público estatal.
- 3.39.1** Establecer a oferta positiva en galego en todos os servizos públicos estatais en Galiza, incluídos os corpos policiais e militares.
- 3.40.1** Prohibición expresa de cláusulas en convenios e acordos que limiten ou impidan o uso do galego (p. ex. nos convenios co Ministerio de defensa para extinción e prevención do lume).
- 3.41.1** Presenza e disposición de galego en todos os servizos e niveis de páxinas web e ferramentas dixitais.
- 3.42.2** Formación en dereitos lingüísticos do funcionariado do Estado, nomeadamente o pertencente ás forzas e corpos de seguranza pública.

→ 4. Ensino

A situación do ensino en Galiza a respecto da normalización da nosa lingua é especialmente preocupante posto que todos os datos, incluso os proporcionados pola propia Administración educativa, reflicten claramente que a diminución na competencia lingüística en galego do alumnado é constante e mesmo acelerada. Esta aceleración ten un claro momento de inicio: o ano 2010, ano en que se promulga o Decreto de plurilingüismo que establece os requisitos para facilitar a desaparición das aulas en galego e que tan contestado socialmente leva sendo desde aquela. É a súa derogación, por tanto, a primeira das medidas que o Grupo de traballo do ensino dentro do proceso Lingua Vital propón adoptar de xeito inmediato, a cal tería que vir acompañado dun calendario de aplicación de medidas conducentes a facer do galego a lingua vehicular no ensino.

→ OBTXECTIVOS DO SECTOR ENSINO, MOCIDADE E FAMILIA NO PXNLG DE 2004

- Asegurar a galeguización de todos os niveis do sistema educativo, tanto no ámbito docente coma no das relacións interpersoais entre os distintos membros da comunidade educativa.
- Fomentar a transmisión da lingua galega no ámbito familiar.
- Habilitar dentro da cultura xuvenil espazos de uso para o galego, a través dunha oferta de produtos de demanda masiva no eido da cultura e do ocio.
- Fomentar entre a mocidade os valores funcionais, identitarios e diferenciais da lingua galega.

Ensino

- Garantir que todo o profesorado teña plena competencia para desenvolver o seu labor docente en galego e os coñecementos necesarios para participar con criterio en tarefas de planificación lingüística escolar.
- Alcanzar un uso maioritario do galego na docencia, entre os docentes e nas relacións escolares en xeral.
- Fomentar o uso progresivo do galego desde a primeira etapa de Educación Infantil (0-3 anos), de xeito que se superen as fortísimas carencias que se observan nos primeiros banzos do ensino.
- Lograr que o ensino obrigatorio garanta unha competencia plena no idioma galego e repercuta de forma efectiva na súa adopción como lingua habitual por parte das novas xeracións.
- Priorizar no ensino do galego a expresión, a afectividade e a utilidade, reforzando a súa dimensión comunicativa e instrumental en relación con contextos vivos e dándolle un protagonismo central á oralidade.
- Garantir unha oferta de materiais didácticos de calidade e en soportes diversos que fagan atractivo o proceso de aprendizaxe, que axuden a percibir a utilidade da lingua e que capaciten para o seu uso correcto e eficaz.

Formación de adultos

- Lograr que a formación de adultos faga percibir o galego como unha axuda para a comunicación e como unha fonte de enriquecemento e de integración no pasado e no futuro do pobo galego.
- Garantir a especialización en traballos de atención ao público ou que esixan competencias comunicativas especializadas.

Transmisión familiar

- Concienciar as familias dos valores identitarios do galego, das vantaxes pedagóxicas, culturais e sociais do seu coñecemento e, polo tanto, da transcendencia de transmitírllelo aos seus fillos.
- Fomentar a transmisión e mais a aprendizaxe da lingua galega dentro das familias, especialmente nas de recente formación e nas asentadas en núcleos urbanos.

Mocidade

- Estimular nas xeracións máis novas actitudes favorables que se traduzan nun uso xeneralizado do galego, superando vellos prexuízos, presións globalizadoras e inercias negativas.

A derogación do Decreto de plurilingüismo é a primeira das medidas que o Grupo de traballo do ensino dentro do proceso Lingua Vital propón adoptar de xeito inmediato, a cal tería que vir acompañado dun calendario de aplicación de medidas conducentes a facer do galego a lingua vehicular no ensino



EVA FERNÁNDEZ PRIETO

- Fomentar todo tipo de creatividade de base en galego, como forma lúdica de galeguización e de creación de mercado cultural.
- Garantir que en galego haxa unha oferta ampla, diversificada, competitiva e atraente de produtos de cultura.

→ AVALIACIÓN E PRINCIPAIS OBSTÁCULOS DETECTADOS

Falta de compromiso institucional

A carencia de implicación, apoio e mesmo as accións contrarias ao galego como lingua vehicular do ensino como o Decreto 79/2010 por parte da Xunta son un obstáculo que limita a execución das medidas conducentes ao cumprimento destes obxectivos. Aliás, podemos sinalar importantes dificultades engadidas:

- Ausencia de incentivos para a formación continua e a mellora da competencia lingüística e pola escasa valoración desta nos procesos de promoción profesional.
- Moitos e moitas docentes carecen de confianza ou motivación para empregar o galego de maneira habitual.

Campañas e difusión

- As campañas de sensibilización son puntuais, pouco atractivas e carecen dunha estratexia pública eficaz que se corresponda coa realidade, especialmente entre a mocidade e no uso das tecnoloxías.
- A difusión institucional dos obxectivos e beneficios do galego é limitada, con mensaxes pouco claras e insuficientes.

Coordinación e colaboración

- Falta articulación de entre as ANPAS, claustros e outros axentes educativos, frecuentemente debido ás dificultades do profesorado para ceder tempo lectivo para estas iniciativas.
- A ausencia de coordinación entre centros, entidades locais, administración autonómica e/ou empresas reduce o alcance das accións de promoción do galego.

Recursos e materiais

- Os recursos educativos en galego son escasos, pouco actualizados e dependen das editoriais, dificultando o acceso a materiais gratuítos e de calidade.
- A dixitalización e innovación pedagóxica son insuficientes, sendo urxente investir en plataformas públicas e contidos dixitais en galego.

Avaliación e seguimento

- Non existe unha avaliación sistemática do cumprimento das normas de normalización lingüística nin indicadores claros de progreso.
- A inspección educativa carece de medios e formación específica para garantir o cumprimento da lexislación.

Lexislación e estruturas de apoio

- O marco normativo e as estruturas de apoio á normalización lingüística son fráxiles, con pouca capacidade de influencia e recoñecemento institucional.
- A colaboración entre diferentes niveis da Administración e a creación de redes de apoio técnico son practicamente inexistentes.

Oferta educativa e continuidade

- A oferta de ensino en galego está limitada, especialmente nas zonas urbanas e nos primeiros anos de escolaridade, o que compromete a continuidade do uso da lingua ao longo do proceso educativo.



SARA SECO

→ MEDIDAS COMPLEMENTARES PROPOSTAS

4.1.1 Derrogación do Decreto 79/2010.

4.2.1 Garantir que ao final da etapa educativa obrigatoria o alumnado alcance a plena competencia oral e escrita en galego e conseguir a plena normalización da lingua no ensino.

4.3.1 Elaborar un novo decreto que estableza que o galego, como a lingua propia de Galiza, é a lingua vehicular da docencia, da administración e das comunicacións internas no sistema educativo en todas as etapas e niveis así como na acollida do alumnado recién chegado para garantir que, ao final da etapa educativa obrigatoria, o alumnado alcance a plena competencia oral e escrita en galego.

4.4.1 A administración educativa galega velará pola aplicación práctica e polo cumprimento do novo decreto. A súa posta en marcha será unha acción estratéxica do goberno galego e o seu cumprimento un obxectivo prioritario. Aprobarase unha memoria económica co seu traslado aos orzamentos para facilitar a súa total aplicación.

4.5.1 Desenvolver e implementar estratexias conxuntas da administración e comunidade educativa a través das equipas de normalización e dinamización lingüística para a normalización e dinamización coordinadas e proactivas na aula, nos patios de recreo, no comedor e nas actividades extraescolares.

4.6.1 Mellorar a competencia lingüística en galego do profesorado cunha oferta de formación continua ampla e axeitada. A administración educativa elaborará e desenvolverá un plan de formación para o conxunto do profesorado, que garanta a competencia plena do profesorado para impartir todas as materias e niveis educativos en galego e para promover unha actitude favorábel á normalización lingüística. Abranguerá a todo o profesorado e materias do currículo. Destinará os recursos necesarios, facilitará a liberación horaria para a súa formación e ampliará o cadro de docentes para facelo posíbel. Programaranse plans de formación específica para o profesorado en cada unha das materias do currículo.

4.7.1 Reforzar e cubrir as necesidades das equipas de normalización e dinamización lingüística. Constituírse unha estrutura de equipos de normalización lingüística a nivel nacional e comarcal coa participación das equipas de normalización dos centros, membros da administración educativa, persoal técnico especializado en sociolingüística, representantes dos Movimentos de Renovación Pedagóxica e dos sindicatos do ensino, federacións de ANPAS e representantes de entidades sociais defensoras da lingua.

Redefinir as funcións, competencias, organización e estrutura das equipas de normalización do centro, co obxecto de reforzar a súa función de normalizadora, que contarán co asesoramento e apoio técnico necesario. Todos os seus membros recibirán a formación específica para desempeñar a súa función e contarán con redución horaria para desempeñar o seu traballo.

4.8.1 Estabelecer un programa específico para promover o galego na formación profesional en coordinación coas empresas.

4.9.1 Estabelecer programas específicos para grupos de persoas recentemente chegadas en situacións vulnerábeis (menores non acompañados, mozos e mozas procedentes de programas de reagrupación, abandono do sistema educativo).

4.10.1 Estabelecer un sistema de avaliación periódica transversal das competencias en lingua galega do alumnado. Estabelecer un sistema de avaliación periódica do grao de aplicación do decreto, da competencia lingüística do alumnado e uso do galego por parte do alumnado e do profesorado. Arbitraranse as correccións e adaptacións necesarias para que se consigan os obxectivos marcados e revisarse a validación do galego do Bacharelato polo CELGA 4.

4.11.1 Diseñar e implementar un programa de apoio á adquisición temperá do galego na educación infantil.

4.12.1 Elaborar planos de normalización nas Universidades galegas para aumentar o ensino e a investigación en galego.

4.13.1 Programas específicos para mellorar os coñecementos lingüísticos dos membros da comunidade universitaria galega.

4.14.1 Ofertar cursos gratuítos de lingua galega en grupos reducidos, adaptados a cada contexto (nivel de achegamento á lingua e creación de grupo por facultades) e creación de programas de inmersión lingüística.

4.15.1 Orientar a captación de estudiantado e profesionais investigador ou docente no ámbito lusófono.

4.16.1 Aumentar a oferta de aprendizaxe de lingua portuguesa en todos os niveis.

4.17.1 Fomentar os intercambios entre estudiantado galego e de territorios lusófonos.

4.18.1 Incluír o portugués dentro da materia de Lingua Galega incluíndoo nas Probas de Acceso á Universidade.

4.19.1 A administración educativa garantirá os materiais e recursos didácticos necesarios en todos os niveis e materias para o ensino en galego. Dotará a todos os centros de material didáctico e pedagóxico en galego, de produción videográfica, audiovisual, informática, documental, científica etc. Estabeleceranse axudas e convocatorias de licenzas por estudos para a elaboración de material didáctico e curricular en galego en todos os soportes.

4.20.1 Asegurar a publicación de libros de texto ou manuais en galego para todas as materias, nomeadamente para os ciclos de FP.

4.21.1 Cumprir de todas as medidas recollidas na Proposta de bases para a normalización do ensino en Galiza.

4.22.1 Crear espazos de difusión e de 'seguridade' para expresarse en galego e adquirir hábitos con fluidez baixo a tutela de organismos públicos.

4.23.1 Recuperar o nome dos Equipos de Normalización e Dinamización da Lingua galega acrecentando notabelmente o seu orzamento e aumentando horario e retribucións para o profesorado que se adique a eles tanto na coordinación como coa colaboración

4.24.1 Facer cumprir a Lei Paz Andrade e dotar os centros educativos con contidos e recursos didácticos en portugués, tanto audiovisuais como libros.

4.25.1 Estabelecer na dotación de fondos para as bibliotecas unhas porcentaxes mínimas elevadas de contidos en galego.

4.26.1 Colaboración da administración con entidades que promovan un modelo lingüístico de ensino vehicularizado en galego.

4.27.1 Incrementar notoriamente a oferta de mestrados para permitir fixar poboación no noso país.

4.28.1 Elaborar un repositorio público e redimensionado con material en galego de toda clase, accesíbel e promocionado.

4.29.1 En todos os procesos selectivos e de acceso á función pública docente o profesorado estará obrigado a realizar unha das probas eliminatorias, como mínimo, en lingua galega, e nela terá que mostrar competencia oral e escrita para o uso do noso idioma

4.30.1 Actualizar os plans de estudos superiores recollendo contidos en galego, nomeadamente os enfocados ao ensino infantil e primario.

4.31.1 Crear unha editora pública dedicada especificamente á creación de contidos didácticos e educativos en galego.

4.32.1 As universidades terán de establecer un mínimo nos seus contidos en galego.

4.33.1 Garantir que todas as persoas dispoñan de materiais educativos, informativos e comunicativos en galego que cumpran os principios de accesibilidade universal e deseño para todas, favorecendo a igualdade de oportunidades, a participación plena e a eliminación de barreiras na aprendizaxe e na vida cotiá.

4.34.2 Reforzar os proxectos educativos para promover o galego, incluíndo as actividades extraescolares. As actividades complementarias e extraescolares terán como lingua vehicular a galega.

4.35.2 Organizar cursos de formación en lingua galega para familias en centros educativos.

4.36.2 Introducir a recepción lingüística nas Universidades e centros de investigación de Galiza.

4.37.2 Crear oferta formativa para o funcionariado, que inclúa tamén un enfoque sociolingüístico e legal sobre dereitos lingüísticos.

4.38.2 Colaboración entre entidades sociais de diferentes ámbitos de actuación para a creación independente dunha comisión educativa para a creación de ferramentas, recursos e compromisos e estratexias para o uso normalizado do galego.

4.39.2 Crear materiais para a primeira etapa de ensino da lingua, limitado actualmente á iniciativa individual.

4.40.2 Crear contornas de inmersión lingüística especialmente en ámbitos urbanos de maioría galegofalante

4.41.2 Elaborar campañas para o fomento do uso do galego na familia dende os primeiros momentos de infancia

4.42.2 Elaborar e pór a disposición materiais e contidos para a atención á diversidade en galego.

4.43.2 É urxente programar un plan de inmersión en lingua galega enfocado especificamente á poboación inmigrante, insistindo en que o seu coñecemento é o mellor medio de integración no noso país e salientando que o acreditado abre portas.

4.44.2 Potenciar o apego do alumnado á lingua galega, crear materiais actualizados, atractivos e aproveitando o potencial actual da tecnoloxía existente, potenciar as boas prácticas que se realizan nos centros educativos e formar e recoñecer as persoas que dinamizan o coñecemento do noso idioma neses centros.

→ 5. Ámbito socioeconómico

A sociedade galega tornouse cada vez máis consciente de que só convertendo o galego en lingua de presente se pode garantir o seu futuro. Por iso as medidas de cariz socioeconómico que se propoñen parten sempre do principio básico de que só garantindo o exercicio dos dereitos lingüísticos se pode prestar un servizo de calidade.

En todos os campos do ámbito socioeconómico apuntamos sempre a necesidade de formar profesionais tanto no intrínseco coñecemento da lingua galega e na necesaria sensibilización e concienciación do seu uso como no respecto ao exercicio dos dereitos lingüísticos da comunidade galegofalante. As administracións públicas deben proporcionar materiais e ferramentas para facilitarlles o traballo ás profesionais na prestación do servizo, así como cubrir as necesidades directas das persoas usuarias.

A lingua é un elemento transversal dunha sociedade porque é necesaria para desenvolver calquera faceta humana dentro da colectividade, e esa transversalidade debe marcar cada un dos sectores socioeconómicos, dende as actividades económicas, os servizos sociais, o asociacionismo até as prácticas relixiosas.

O fenómeno da inmigración merece unha atención moi especial que exige políticas activas de integración lingüística real. Como sociedade plural que acolle inmigrantes que veñen en busca de mellores oportunidades, apelamos á formación en lingua galega como piar de integración e cohesión social.

→ OBXECTIVOS PARA O ÁMBITO SOCIOECONÓMICO NO PXNLG DE 2004

- Crear conciencia de que o uso do galego pode favorecer as relacións laborais, comerciais e bancarias.
- Estender o uso da lingua galega nas relacións laborais, comerciais e empresariais.
- Fomentar nos consumidores o hábito de usaren e reclamaren a atención comercial en galego.

Industria

- Promover a incorporación do uso do galego, especialmente nas empresas punteiras da economía galega.
- Incrementar o uso do galego como lingua de traballo no sector industrial e nas relacións entre as empresas.
- Garantir o uso do galego no sector industrial público dependente das distintas administracións que desenvolven actividade en Galicia.

Comercio

- Alentar as empresas a valorar os beneficios derivados da incorporación da lingua galega ás actividades comerciais.
- Promover o establecemento da oferta positiva de atender o cliente en galego como práctica comercial habitual.

Cooperativismo

- Promover nas cooperativas de Galiza o uso da lingua galega como lingua de relación interna entre os seus asociados e de uso administrativo na documentación que a súa actividade xere.

Economía

- Potenciar que as cooperativas galegas empreguen a lingua galega nas relacións comerciais cos seus clientes e como indicativo identitario dos seus produtos.

Banca

- Estender a práctica entre as entidades bancarias e caixas de aforro de utilizar a lingua galega na documentación informativa e contractual, nos servizos en liña e na atención ao público.
- Promover o establecemento da oferta positiva de atender o cliente en galego como práctica habitual na banca.

Traballo

- Xeneralizar o uso do galego como lingua de traballo e das relacións laborais.
- Asegurar unha maior presenza do galego nas carreiras técnicas, na formación profesional e no ensino non regrado.

A lingua é un elemento transversal dunha sociedade porque é necesaria para desenvolver calquera faceta humana dentro da colectividade, e esa transversalidade debe marcar cada un dos sectores socioeconómicos, dende as actividades económicas, os servizos sociais, o asociacionismo até as prácticas relixiosas.



OSCAR ANTÓN PÉREZ GARCÍA

- Comprometer os sindicatos e outras organizacións de traballadores no proceso normalizador da lingua galega.
- Garantir o dereito dos traballadores a utilizar a lingua galega nas súas relacións laborais.

Sanidade pública e privada

- Promover a normalización do uso da lingua galega nos centros de atención primaria, nos puntos de atención continuada e nos centros hospitalarios dependentes da Consellaría de Sanidade.
- Lograr que todos os dispensadores de servizos sanitarios e asistenciais teñan coñecemento de galego abondo para poderen practicar a Oferta positiva nesta lingua.
- Garantir o cumprimento dos dereitos lingüísticos dos usuarios de servizos sanitarios e asistenciais.
- Promover a normalización do uso da lingua galega nas empresas privadas dispensadoras de servizos sanitarios e asistenciais.
- Garantir o cumprimento dos dereitos lingüísticos dos usuarios de servizos sanitarios e asistenciais.

Farmacía

- Promover entre os farmacéuticos e persoas que traballan nas oficinas de farmacia a idea de que o uso da lingua galega incrementa a eficacia da información dispensada e mais a comunicación entre eles e os usuarios destes establecementos.
- Concienciar a industria farmacéutica de que co emprego da lingua galega incrementará a eficacia da información contida nos textos que dirixen aos usuarios dos seus produtos.

Veterinaria

- Promover que as comunicacións, tanto orais como escritas, que os veterinarios produzan durante o exercicio da súa profesión se realicen en galego.
- Concienciar os profesionais do sector da veterinaria privada de que o uso da lingua galega facilitará e mellorará as comunicacións cos seus clientes.
- Concienciar a industria farmacéutica veterinaria de que co emprego da lingua galega se verá incrementada a eficacia da información contida nos seus produtos.

Colexios oficiais

- Lograr que os colexios oficiais actúen como axentes de promoción da lingua nos seus respectivos ámbitos profesionais.
- Propor a Oferta positiva de atención en galego a todos os profesionais adscritos ás asociacións e aos colexios oficiais do sector (médicos, farmacéuticos, veterinarios, enfermeiros, logopedias etc.).

Crenzas relixiosas

- Impulsar entre o clero e nos seminarios católicos, en colaboración coa xerarquía eclesiástica, un proceso de reflexión bíblica, patrística e canónica sobre a cuestión da lingua galega no traballo pastoral, que permita aumentar o uso do galego nesta área.
- Reflexionar sobre o uso da lingua galega como lingua de relación, culto e formación das outras confesións relixiosas.

Servizos sociais

- Potenciar o uso da lingua galega como elemento optimizador do desenvolvemento laboral e de eficacia na prestación de servizos sociais tanto públicos como dende o sector privado.
- Garantir que os servizos sociais dependentes das administracións públicas desenvolvan a súa actividade social dende a práctica da Oferta positiva, respectando os dereitos lingüísticos dos usuarios destes servizos.
- Incluír nos plans de formación dos traballadores dos servizos sociais unha área de formación de lingua galega que garanta a competencia lingüística oral e escrita destes traballadores.

- Impulsar o uso da lingua galega nas institucións e organismos asistenciais e de servizos sociais tanto dependentes da Administración como desenvolvidas por empresas privadas e organizacións sen fins de lucro.

Inmigración

- Concienciar os axentes sociais da conveniencia de incorporar a poboación inmigrante á lingua e cultura galegas.
- Introducir a lingua galega nos programas de formación e inserción dos traballadores inmigrantes.

Asociacionismo

- Concienciar as asociacións e colectivos sociais da pertinencia e necesidade de usar a lingua galega nas súas iniciativas (lúdicas, culturais, formativas, informativas, etc.).
- Lograr que as asociacións e colectivos sociais continúen a ser axentes de promoción da lingua.

Deporte

- Lograr que o galego sexa a lingua de comunicación co público nos estadios, pavillóns e eventos deportivos, especialmente nos de seguimento masivo.
- Conseguir a plena galeguización nos colectivos, federacións e clubs do ámbito do deporte.
- Promover a presenza do galego nos medios de comunicación especializados en información deportiva.
- Fomentar a presenza do galego na formación dos profesionais do deporte de xeito que teñan competencia e actitudes favorábeis para desenvolveren o seu labor en lingua galega.

Lecer e tempo libre

- Conseguir unha oferta ampla, diversificada e atractiva de produtos de lecer en galego, prestando especial atención aos de maior aceptación entre a infancia e a mocidade.
- Promover o uso do galego nas institucións públicas, empresas privadas, asociacións e colectivos organizadores de actividades lúdicas e de lecer.
- Promover a recuperación de xogos tradicionais galegos.

Turismo

- Asociar a lingua ao concepto de patrimonio, paisaxe e ecoloxía da actividade turística.
- Conseguir que o galego estea presente na documentación contractual, de información e propaganda do sector turístico.
- Promover que o turismo rural signifique un achegamento do mundo urbano á lingua galega.

➔ AVALIACIÓN E PRINCIPAIS OBSTÁCULOS DETECTADOS

Desprotección legal e ausencia de mecanismos efectivos

A falta dunha regulamentación clara e de mecanismos para garantir o uso do galego sitúa a lingua nunha posición de vulnerabilidade. As leis que recoñecen dereitos lingüísticos existen, mais a súa aplicación é limitada e moitas veces ignorada polas empresas e administracións. Isto perpetúa un ciclo no que o galego depende da vontade individual ou de iniciativas sociais, en vez de ser un dereito garantido polos poderes públicos e polos axentes económicos.

O galego convértese nunha opción secundaria, sen protección real, o que dificulta a súa presenza normalizada en todos os ámbitos da vida.

Desigualdade no acceso a servizos e discriminación

A exclusión do galego en sectores esenciais (banca, seguros, enerxía, telecomunicacións, administración pública) limita o dereito de escolla da cidadanía e reforza a idea de que o galego non é adecuado para contextos formais ou económicos. Protocolos internos que prohiben o uso do galego, mesmo cando solicitado, son exemplo claro de discriminación institucionalizada.

Persoas consumidoras e traballadoras galegofalantes senten vulnerabilidade e desprotección, o que pode levar á renuncia do uso da lingua en contextos públicos e profesionais, acelerando o seu retroceso social.

As leis que recoñecen dereitos lingüísticos existen, mais a súa aplicación é limitada e moitas veces ignorada polas empresas e administracións. Isto perpetúa un ciclo no que o galego depende da vontade individual ou de iniciativas sociais, en vez de ser un dereito garantido polos poderes públicos e polos axentes económicos.

Falta de incentivos e apoio institucional

A ausencia de incentivos fiscais, subvencións ou cláusulas de uso do galego en contratos públicos desmotiva as empresas a investir na galeguización dos seus servizos. A supresión de axudas públicas e a inexistencia de programas informáticos básicos en galego crean barreiras técnicas e económicas para quen quere operar na lingua propia de Galicia.

O mercado galego faise menos competitivo e menos inclusivo, dificultando a creación dun ecosistema económico onde o galego sexa unha opción viable e natural.

Reforzo da desigualdade social e laboral

A non inclusión dos dereitos lingüísticos nos convenios colectivos e a existencia de casos de acoso laboral por uso do galego demostran que a lingua segue a ser vista como un obstáculo, e non como un dereito. Isto perpetúa a desigualdade e desincentiva o uso do galego no traballo.

A normalización do galego vese freada, pois o propio persoal traballador ou os propios traballadores e traballadoras poden sentir medo de exercer os seus dereitos lingüísticos, perpetuando o dominio do castelán nos ambientes profesionais.

Exclusión en sectores estratéxicos e para a infancia

A ausencia do galego en sectores como banca, seguros e xoguetes non só limita o seu uso práctico, senón que tamén afecta á percepción social da lingua. Para as crianzas, a falta de xogos e xoguetes en galego reduce as oportunidades de aprendizaxe e socialización na lingua, comprometendo a transmisión interxeracional.

A exclusión do galego destes sectores contribúe á súa invisibilidade e á idea de que é unha lingua de uso restrinxido, pouco útil ou pouco moderna.

Deporte

- Falta de acción institucional: a Xunta non desenvolveu medidas efectivas para garantir o uso do galego nos clubs, federacións e eventos deportivos, a pesar de estar previsto no PXNLG.
- Baixa presenza nos grandes clubs: non existen acordos para o uso preferente do galego en estadios, comunicacións, publicidade ou declaracións de deportistas.
- Escasa galeguización nas actividades formativas: non se fomenta o uso do galego en actividades de adestramento, nin se garante que os/as monitores teñan coñecemento e compromiso coa lingua.

Saúde

- Atención sanitaria limitada en galego: o SERGAS e servizos dependentes da Consellaría de Sanidade só están parcialmente galeguizados; moitos documentos, aplicativos informáticos, consentimentos informados e folletos non están dispoñíbeis en galego, mesmo en situacións de especial vulnerabilidade.
- Falta de formación do persoal: non se ofrece formación suficiente en galego ao persoal sanitario, nin se informa do deber de atender en galego os pacientes que o desexen.
- Desprotección na sanidade privada: nos centros privados, a desprotección é maior, sen opción real de atención en galego, mesmo cando prestan servizo público.

Lecer

- Exclusión do galego en xogos e xoguetes: só o 0,6% dos xogos e xoguetes inclúen o galego no seu contido; a oferta é anecdótica e non responde á demanda social.
- Falta de galeguización nas actividades subvencionadas: non se exige o uso do galego como lingua vehicular en campamentos, excursións e actividades de tempo libre financiadas con fondos públicos.
- Baixa presenza cultural: a lingua galega está ausente na programación de festas, eventos culturais e actividades xuvenís, agás accións puntuais.

Integración de inmigrantes

- Ausencia de accións específicas: non se desenvolveron campañas de información, formación ou motivación dirixidas á poboación inmigrante para favorecer a súa integración lingüística.
- Discriminación e barreiras: A falta de recursos e de oferta educativa en galego para persoas inmigrantes perpetúa a discriminación e dificulta a integración plena na sociedade galega.

Estes obstáculos non son só barreiras administrativas ou técnicas; son factores que afectan profundamente a percepción social do galego, a autoestima dos seus falantes e a viabilidade da lingua como vehículo de comunicación plena en todos os ámbitos da vida. Sen unha mudanza estrutural —legal, institucional e social— a normalización do galego continuará a ser un obxectivo afastado, dependente de esforzos individuais e de iniciativas puntuais, en vez de ser unha realidade colectiva e garantida.

➔ MEDIDAS COMPLEMENTARES PROPOSTAS

Servizos de saúde

5.1.1 Elaboración dun Plano para garantía do coñecemento e o uso do galego nos centros, establecementos e servizos integrados na Consellaría de Sanidade e entidades adscritas que inclúa:

- a) Plano de Xestión Lingüística para todas as entidades e provedores a cargo da xestión.
- b) Formación de todos os novos profesionais sanitarios en concienciación lingüística.
- c) Facilidades, adaptación e cursos conducentes á acreditación necesaria no nivel correspondente de galego segundo a categoría laboral.
- d) Estabelecemento de medidas complementarias á aprendizaxe, como a estimulación da conversa nos centros.
- e) Estabelecemento de protocolos en materia de xestión lingüística na asistencia sanitaria.
- f) Incluír a motivación lingüística no sistema de queixas e reclamacións e mellorar as canles de comunicación e os mecanismos de supervisión e seguimento para garantir o cumprimento da normativa lingüística.
- g) Adoptar medidas correctoras tras a detección de oficio ou a instancia de parte dos incumprimentos do persoal sanitario do deber de garantir á cidadanía o exercicio á escolla lingüística tanto oralmente como na escrita.
- h) Introducción dos dereitos lingüísticos na formación continua dos profesionais sanitarios e administrativos.
- i) Campaña para promover a formación en galego e o seu uso, nomeadamente nos servizos de pediatría.

5.2.1 Introducir o requisito de coñecemento de galego nos procesos de selección, con medidas de apoio e formación anterior onde for preciso.

5.3.1 Ofertar un programa específico para a formación en galego do persoal sanitario.

5.4.1 Oferecer a formación continua do persoal en galego.

5.5.1 Introducir a dispoñibilidade lingüística e os planos de promoción do uso do galego como requisitos nos mecanismos de disposición de servizos e nos sistemas de indicadores de calidade que avalían os servizos.

5.6.1 Incluír a presenza do galego en fármacos e prospectos

5.7.1 Dispoñibilizar programas informáticos, formularios, documentación e consentementos informados en galego

Servizos sociais

5.8.1 Introducción dos dereitos lingüísticos na formación continua dos profesionais.

5.9.1 Promover a colaboración de centros, equipamentos e servizos do sector social con outras iniciativas –por exemplo Voluntariado pola Lingua– para incidir no uso do galego e, ao mesmo tempo, a interrelación co entorno comunitario.

5.10.1 Garantir que os centros de día e residencias teñen acceso a publicacións en galego incluíndo sistemas electrónicos accesibles ou de fácil lectura.

5.11.1 Implementar un programa de formación e sensibilización dirixido a entidades e asociacións que prestan servizos de lecer e cuidados co fin de implicalas na promoción da aprendizaxe, o aprecio e o uso da lingua.

5.12.1 Apoiar ferramentas accesibilidade comunicación e medios de apoio á comunicación oral en galego para persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas.

5.13.1 Proporcionar plans para promover o uso do galego e impulsar a lingua nos servizos para as persoas maiores e infancia e ofrecerlles apoio para a súa posta en marcha, así como asesoramento lingüístico e levar a cabo accións de formación sobre ferramentas lingüísticas, sensibilización e dereitos lingüísticos.

5.14.1 Crear ferramentas e recursos lingüísticos específicos para profesionais, e tamén equipamentos, infografías e carteis para distribuír e difundir en centros, en redes sociais e outros canais.

Lecer, tempo libre e actividades deportivas

5.15.1 Incluír nos acordos de colaboración coas Federacións Deportivas unha cláusula de uso do galego e da promoción da normalización do galego no ámbito deportivo.

5.16.1 Fomentar as ligas deportivas galego-portuguesas, especialmente en deportes minoritarios. Participar en eventos deportivos lusófonos.

5.17.1 Maior interacción entre as áreas de deporte e política lingüística.

5.18.1 Oferta positiva das e dos traballadores sociais e demais persoal do contorno coa fin de que presten atención oral e emitan informes escritos e calquera outra documentación en galego.

5.19.1 Garantir o coñecemento do galego e a formación continua na lingua galega das e dos traballadores sociais e demais persoal do contorno.

5.20.1 Garantir que as actividades dirixidas ás usuarias dos servizos sociais tales como as de rehabilitación física, obradoiros de memoria, cursos, actividades de lecer etc. sexan impartidos en galego.

5.21.2 Organizar ciclos de cinema infantil en galego.

5.22.2 Organizar actividades para facer a lingua máis coloquial para a infancia e mocidade (por exemplo obradoiros de dobraxe).

5.23.2 Formación dirixida ao persoal de empresas de lecer educativo e deportivo, mediante cursos de galego e obradoiros de sensibilización lingüística.



OSCAR ANTÓN PÉREZ GARCÍA

5.24.2 Promover proxectos de lecer educativo que incorporen unha perspectiva de promoción lingüística.

5.25.2 Diseñar e executar un programa de promoción do uso do galego no ámbito deportivo que inclúa a formación e a promoción da lingua.

5.26.2 Espallamento de campañas e materiais de conciencia lingüística no ámbito deportivo.

5.27.2 Formación dirixida ao persoal de empresas de lecer educativo e deportivo, mediante obradoiros de sensibilización lingüística.

5.28.2 Fomento do uso de galego nos clubs deportivos (exemplo positivo o uso do galego na comunicación do Celta ou a campaña pola galeguización do topónimo no nome do Deportivo da Coruña).

5.29.2 Fomento da expresión en galego de responsábeis de actividades deportivas (adestradoras, adestradores, monitores, monitoras e demais).

5.30.2 Campaña con figuras senlleiras do deporte galego para fomentar a súa comunicación pública en galego.

5.31.2 Proporcionar modelos en galego de canta documentación sexa de manexo ou emisión habitual polos departamentos de servizos sociais, residencias, centros de día etc.

5.32.2 Fomentar grupos de socialización en galego entre as crianzas e entre a mocidade, ofrecendo actividades de lecer que promovan o galego: excursións, filmes, eventos musicais, contacontos etc.

5.33.2 Garantir que as monitoras e monitores dos acampamentos organizados pola Xunta ou nos que a Xunta colabora se dirixan en galego ás crianzas e á mocidade.

Crenzas Relixiosas

5.34.1 Promover o cumprimento do Concilio Pastoral Galego de 1979 que prevía un mínimo dun servizo relixioso diario en todos templos católicos de Galicia e todos os servizos relixiosos en galego nas parroquias rurais onde a lingua galega aínda é maioritaria.

5.35.1 Acadar do bispado de Astorga (con xurisdición en terras de Valdeorras e As Frieiras) o compromiso para o uso do galego en terras de lingua galega (Bierzo, Valdeorras e As Frieiras) e o bispado de Oviedo faga o mesmo nas terras do Eo-Navia.

5.36.1 Liberar os dereitos de copyright sobre misais, leccionarios e outros libros litúrxicos en galego, abrindoos dereitos a CC BY (ou cando menos a CC BY ND) permitindo modificar, copiar e redistribuír o material en calquera medio ou formato para calquera propósito, mesmo comercial.

5.37.2 Elaborar e executar un plano para o uso do galego no ámbito das comunidades relixiosas.

5.38.2 Exixir misas en galego e fomentar o galego nos enterros e funerarias (enviar modelos de esquelas en galego, por exemplo)

5.39.2 Dirixirse aos representantes das comunidades relixiosas para que respecten os dereitos lingüísticos dos fregueses e que sexan atendidas as peticións de que as cerimoniais se celebren en galego.

5.40.2 Dirixirse ás empresas funerarias para que respecten os dereitos lingüísticos dos membros da familia do defunto, de forma tal que sexan atendidas as peticións de que a documentación sexa emitida en galego, de que as publicidade da defunción se realice en galego etc. sen que ningunha destas supoña un gasto adicional.

Inmigración

5.41.1 Introducir nos plans de traballo e material de formación as ideas de que a lingua galega favorece a integración e cohesión social das migrantes na comunidade receptora.

5.42.1 Reforzar o ensino en galego dirixido a persoas migrantes a través de cursos.

5.43.1 Formación e outros instrumentos de promoción.

5.44.1 Promover a aprendizaxe de galego dirixida ás persoas migrantes mediante recursos formativos específicos adaptados ás necesidades das persoas usuarias dos servizos de acollida.

5.45.1 Desenvolver cursos e materiais ensino/aprendizaxe (libros de lectura fácil, informativos lentos, audiolibros etc.) para grupos específicos (comercio, restaurantes etc.).

5.46.1 Desenvolver unha aplicación e recursos audiovisuais para o acceso das persoas adultas á aprendizaxe.

5.47.1 Promover a presenza do galego nas principais aplicacións dixitais para a aprendizaxe de linguas.

5.48.1 Implementar un programa de reforzo do/da sistema de acreditación do coñecemento de galego.

- 5.49.1 Reforzar a formación do profesorado no ensino de idiomas para adultos.
- 5.50.1 Formar as persoas que imparten cursos da lingua galega para que apliquen a perspectiva de xénero na aprendizaxe de galego, considerando aspectos como a organización do tempo e os coidados ou as múltiples desigualdades que poden afectar esta aprendizaxe.
- 5.51.1 Cursos gratuítos para persoal que se incorpora ao mercado laboral galego dende países non galegofalantes.
- 5.52.1 Campañas para sensibilización contra actitudes racistas de cambio ao castelán cando se dan interacción con persoas migrantes.
- 5.53.2 Estabelecer un foro de reflexión sobre as políticas lingüísticas con representantes de grupos de orixe recién chegada.
- 5.54.2 Recuperar o programa de Voluntariado de Activación Lingüística e a colaboración entre as entidades sociais.
- 5.55.2 Campañas para sensibilización contra actitudes racistas de cambio ao castelán cando se dan interacción con persoas migrantes.
- 5.56.2 Reforzar a colaboración coas organizacións de acollida de persoas migrantes para conseguir a súa implicación na continuidade da aprendizaxe do galego e a súa adopción, incluíndoo nos acordos.

Asociacionismo

- 5.57.1 Estabelecer liñas de apoio a proxectos de entidades sen ánimo de lucro para o fomento do galego.
- 5.58.1 Creación/modificacións de subvencións que fomenten e premien o uso do galego como lingua vehicular entre o asociacionismo de todo tipo: asociacións veciñais, comunidades de augas, comunidades de montes etc.
- 5.59.1 Estabelecer a obrigatoriedade de uso do galego nas comunicación e nomes de entidades para o acceso a axudas públicas, con especial coidado no uso da toponimia na súa forma correcta e non deturpada.
- 5.60.1 Estabelecer nas bases das convocatorias das subvencións e axudas a cláusula de obrigatoriedade de uso do galego na cartellaría e en calquera modalidade e espazo empregado para difundir o evento subvencionado, exixindo que se empregue a toponimia na súa forma correcta, sendo motivo de exclusión a toponimia deturpada.
- 5.61.2 Diseñar e executar unha campaña de sensibilización lingüística dirixida ao público en xeral.
- 5.62.2 Organizar actividades territoriais para acompañar a campaña de sensibilización lingüística.
- 5.63.2 Implementar as medidas de sensibilización, dinamización e promoción recollidas en cada un dos sectores.
- 5.64.2 Incrementar no conxunto do país as iniciativas para promover o uso do galego como 21 días co galego, Aquí tamén se fala...

Turismo

- 5.65.1 Uso do galego nos taboleiros e información turística dándolle especial protagonismo e presente en todos os casos. Economía.

- 5.66.1 Elaborar unha lei galega para a garantía dos dereitos lingüísticos das persoas consumidoras, que estableza obrigas claras de correspondencia oral, escrita, na sinalética e locucións nos servizos públicos, privados, empresas e banca.
- 5.67.1 Asegurar a presenza do galego tanto na administración pública como na etiquetaxe, documentación, sitios web, redes sociais, etc., e executar proxectos de promoción específicos en sectores empresariais.
- 5.68.1 Estabelecer incentivos fiscais ás empresas que usen o galego.
- 5.69.1 Estabelecer o uso do galego nos contratos, convenios, axudas...
- 5.70.1 Promover a oferta de cursos de galego no marco empresarial para a traballadores e persoas desempregadas, integrando a aprendizaxe do galego na formación subvencionada en empresas e en plans transversais ou intersectoriais, facilitando a súa realización dentro das empresas e en horario laboral e a súa adaptación tanto en termos de módulos e acreditación como á realidade sectorial e empresarial.
- 5.71.1 Promover a oferta de cursos de galego para persoas desempregadas dentro do Servizo Público de Emprego de Galiza.
- 5.72.1 Ofertar un liña de axudar para o impulso da lingua galega nas empresas.
- 5.73.1 Fomentar nas empresas o intercambio económico coa lusofonía en xeral e na Eurorrexión Galiza-Norte de Portugal en particular, co galego-portugués sempre como lingua vehicular. Converter a Galiza na segunda porta de entrada de negocios lusófonos na Europa.
- 5.74.1 Oferta de menús en galego nos restaurantes con carácter obrigatorio tanto no seu formato en papel como no dixital.
- 5.75.1 Estabelecer a obrigatoriedade de dispor de modelos e documentación en galego na banca e contratos e servizos técnicos en galego.
- 5.76.1 Atención en galego nos call-center na prestación de todo tipo de servizos (p ex: compañías de telefonía, electricidade, banca ou seguros)
- 5.77.1 Creación de vocabulario dos oficios artesanais por parte da fundación pública Artesanía de Galicia.
- 5.78.1 Incentivar a publicidade en galego e establecer a obrigatoriedade de publicidade en galego nos medios de comunicación públicos
- 5.79.2 Fomentar e incentivar a rotulación en galego nos comercios, empresas, establecementos e áreas comerciais.
- 5.80.2 Desenvolver unha campaña de asesoramento e formación esenciais en galego para profesionais dos sectores comercial e da restauración.
- 5.81.2 Promover o uso do galego nas comunicacións das empresas (páxinas web, manuais, atención telefónica etc.).
- 5.82.2 Executar unha campaña de información dixital sobre os dereitos e deberes lingüísticos no sector comercial e da restauración.
- 5.83.2 Campaña dirixida a concienciar sobre a necesidade do idioma como valor engadido e que garantir a atención en galego supón consolidar postos de traballo na nosa terra.
- 5.84.2 Elaborar e traducir ao galego as normas e convenios laborais así como promover a documentación laboral en galego.
- 5.85.2 Iniciar unha oferta de recursos lingüísticos, administrativos, tecnolóxicos, formativos e de xestión lingüística que faciliten a aprendizaxe e o uso do galego e a acollida lingüística nos centros de traballo.

→ 6. Medios de comunicación, cultura e novas tecnoloxías

A prioridade para a normalización do galego nos medios de comunicación e industriais culturais é a potenciación dos medios públicos galegos, para o que é imprescindible:

- A elaboración dun libro branco que defina unha estratexia a medio prazo que se aplicará nos vindeiros anos;
- A democratización dos medios no debate e aplicación das estratexias;
- O aumento de recursos destinados para favorecer unha produción propia cun acaído control lingüístico;
- O establecemento do galego como lingua exclusiva nos medios públicos (lineal, plataforma e redes) e que a programación de produción propia sexa maioritaria e adaptada a cada franxa de idade;
- A apertura comunitaria dos medios públicos é esencial para crear un vellello coa sociedade, vertebrar o territorio e xerar cohesión cultural e lingüística.

Neste sentido, ademais do cumprimento dos obxectivos que se fixaba o PXNLG de 2004 para o sector de medios de comunicación e industrias culturais (aumento da presenza do galego nos medios de comunicación e publicidade asegurando un galego de calidade e que os medios públicos ofrezan un galego de calidade), urxe:

- A elaboración dun libro branco do audiovisual e dos medios dixitais que sirva ferramenta na reformulación dos medios públicos e no relanzamento do galego na esfera comunicativa e cultural.
- Favorecer a produción galega en galego (cinema, música, teatro...), promocionala nos medios públicos e achegala a todos os sectores e espazos (aldeas, cidades, barrios)

→ OBXECTIVOS DO SECTOR MEDIOS DE COMUNICACIÓN E INDUSTRIAS CULTURAI NO PXNLG DE 2004

- Aumentar a presenza da lingua galega nos medios de comunicación de masas, nas industrias culturais (editoriais, audiovisuais, cinematográficas, etc.) e na publicidade, de tal xeito que se garanta unha oferta informativa, lúdica, cultural e formativa completa en galego.
- Asegurar neste sector un galego de calidade, no que se conxuguen autenticidade, estandarización e funcionalidade.
- Promover que os medios públicos ofrezan unha programación prestixiadora da lingua.

Medios de comunicación

- Iniciar un proceso de incremento anual e constante do uso do galego nos medios de comunicación públicos e privados que supere a actual situación de marxinación e de confinamento no eido cultural.
- Lograr unha ampla oferta informativa lúdica e cultural en galego, tematicamente variada e de calidade.

Para a normalización do galego nos medios de comunicación é imprescindible o establecemento do galego como lingua exclusiva nos medios públicos (lineal, plataforma e redes) e que a programación de produción propia sexa maioritaria e adaptada a cada franxa de idade.

- Pór ao alcance dos profesionais do sector os medios formativos, didácticos e técnicos suficientes que lles aseguren unha completa capacitación lingüística e un emprego doado do galego no seu traballo profesional.
- Incrementar a presenza do galego na publicidade comercial, especialmente na destinada ao consumidor infantil e xuvenil.
- Concienciar os comerciantes, empresarios e, especialmente, os publicistas de que o galego axuda a vender.

Industrias culturais

- Garantir que os produtos de máxima difusión e demanda poidan chegar en galego á sociedade galega.
- Lograr un incremento notable da oferta de produtos culturais en galego, tanto de produción autóctona coma foránea, incidindo especialmente naqueles sectores e xéneros máis deficitarios ou desatendidos.

➔ AVALIACIÓN E PRINCIPAIS OBSTÁCULOS DETECTADOS

- Falta de vontade institucional e política, con investimento insuficiente e orientación directiva inadecuada nas entidades responsables. Amais dunha política laboral de externalizacións na Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia que impide a retención de talento e o aproveitamento da experiencia e supón a mingua da calidade e do compromiso.
- Ausencia de mecanismos de control e seguimento da calidade lingüística, así como desinterese das direccións polo uso normativo do galego.
- Formación lingüística insuficiente do persoal dos medios, agravada pola eliminación de materias obrigatorias de galego e pola opción entre galego e castelán nos estudos superiores.
- Escasa valoración do uso do galego por parte dos entrevistadores, especialmente en programas de entretemento e entrevistas informais.
- Oferta limitada de programas sobre a lingua galega, xustificada por unha suposta baixa demanda e desvalorización da cultura galega.
- Selección de especialistas baseada en afinidade ideolóxica, escaseza de medios e externalización da produción.
- Falta de interese institucional na presenza das culturas de fala portuguesa e execución deficiente das iniciativas.
- Redución de recursos e falta de compromiso continuado na emisión en galego na TVE.
- Ausencia total de desconexión e oferta nas linguas propias nas televisións privadas.
- Falta de interese na recuperación de Radio4 como emisora galega, a pesar do éxito noutras linguas.
- Descoñecemento do estado actual das emisións da TVE para emigrantes galegos.
- Ausencia de vontade política para promover o uso do galego nas emisoras locais.
- Redución do número de televisións locais e información desactualizada sobre a emisión de filmes dobrados ao galego.
- Subvencións á produción en galego concedidas con criterios ideolóxicos e sen datos cualitativos.
- Persistencia dos problemas xa identificados no apoio a xornais locais en galego.
- As plataformas audiovisuais non ofrecen opción en galego, limitando o acceso a contidos dobrados.
- Falta de vontade política para avanzar na normalización lingüística.
- Políticas lingüísticas, educativas, científicas, culturais e de lecer pouco favorables á normalización da lingua.
- Falta de vontade dos medios e dos profesionais para publicar entrevistas en galego nos xornais.
- Subvencións á prensa sen control efectivo do uso do galego.
- O galego non é a lingua vehicular maioritaria nas universidades, o que diminúe a competencia lingüística do alumnado e limita a promoción da publicidade en galego nestes contextos.
- Ausencia de criterios que favorezan o galego na baremación das programacións culturais e inexistencia de cotas mínimas de uso da lingua.
- Falta de medidas específicas para infancia e mocidade, co abandono da produción en galego e de proxectos innovadores.

➔ MEDIDAS COMPLEMENTARES PROPOSTAS

6.1.1 Elaborar un Plano Estratégico da CSAG para a recuperación do papel normalizador dos medios públicos de Galiza que inclúa:

- Usos exclusivos e aumento da oferta en galego destinada á infancia e mocidade, Apps actualizadas que contén con programas, xogos e videoxogos co fin de garantir nesta canle en galego, a presenza de contidos atractivos, de éxito, actuais e pasados, así como contidos educativos e de produción galega.
- Debates políticos plurais sobre temas de interese xeral de temática galega.



EVA FERNÁNDEZ PRIETO

- Intervención de persoas expertas que utilicen a lingua galega nos noticiosos e programas.
- Programación ampla e específica sobre historia, cultura, patrimonio, música e literatura galega.
- Acordos con outras canles, distribuidoras, produtoras para a difusión e extensión da dobraxe e lexendaxe de filmes e series en galego.
- Dotar a CSAG de medios persoais e materiais suficientes para a normalización lingüística, con persoal técnico da lingua que sirva de apoio continuo e de formación.

6.2.1 Asegurar a plena capacitación lingüística e o emprego doado do galego no traballo profesional incluíndo formación permanente oral e escrita, amais de que se volva incluír o galego oral como materia obrigatoria nos estudos superiores de xornalismo.

6.3.1 Establecer corpos léxicos dos novos medios, revisando e actualizando os existentes.

6.4.1 Os medios públicos non difundirán publicidade en castelán.

6.5.1 Desenvolver unha estratexia clara a medio prazo que leve a programación nunha dirección orientada e suxeita a avaliación (radio, televisión e plataformas) para o que cómpre reducir a externalización da produción.

6.6.1 Selección de persoas entrevistadas e convidadas no que se favoreza o uso da lingua galega por parte destas no equilibrio de prioridades. Do mesmo xeito, as axendas de especialistas priorizarán aqueles galegofalantes.

6.7.1 As entrevistas nos medios escritos que contén con axudas públicas deben publicar en galego as feitas nesta lingua.

6.8.1 Os contidos traducidos ou xerados por IA non computarán para a contabilización da porcentaxe de contidos en galegos e a consecuente subvención.

6.9.1 Relanzar os programas deportivos en galego, apoiando o deporte local, favorecendo as retransmisións de deporte de base que xeran comunidade.

6.10.1 Focalizar os estratos de idade, con especial atención á poboación moza e infantil, que debe poder gozar de oferta en lineal, plataforma e redes.

6.11.1 Programación musical integramente en galego na Radio Galega música.

6.12.1 Promover e favorecer acordos e subvencións á subtitulación, dobraxe, tradución no caso de non tratarse de producións galegas.

6.13.1 Apoiar e colaborar coas entidades e grupos comprometidos coa normalización do galego en todas as áreas (subtitulado, web, podcast, xestión cultural...).

6.14.1 Impulso da presenza do galego nas redes, novas tecnoloxías, aplicacións e dispositivos.

6.15.1 Que todas as apps e webs públicas se carguen por defecto en galego e conseguir que aquelas máis utilizadas (google maps...) tamén o estean.

6.16.1 Estabelecer os mecanismos e acordos necesarios para a reciprocidade de radio, televisión e aplicativos de TV entre Galiza e Portugal

6.17.1 Cumprimento das cotas lingüísticas fixadas pola LXCA

6.18.1 Asegurar que os algoritmos de selección de programación, as interfaces e opción de procura das plataformas permitan o uso do galego

6.19.1 Reforzar e dar apoio directo ás empresas privadas de prensa dixital e en papel que publica en galego.

6.20.1 Reforzar e dar apoio directo ás emisoras privadas de radio e contados audiovisuais que realizan toda a actividade en galego.

6.21.1 Desenvolver un plano de promoción do galego no ámbito audiovisual.

6.22.1 Estabelecer métricas e metodoloxía para monitorizar a presenza e a evolución do galego no ámbito dixital.

6.23.1 Asegurar a presenza por defecto, preeminente e transversal do galego en todos os servizos, ferramentas, sitios web etc., que desenvolve e emprega a Administración en Galiza.

6.24.1 Elaborar unha estratexia para promover o galego no ámbito dixital en colaboración con empresas, universidades, sociedade civil e Administración.

6.25.1 Apoio institucional, económico, de socialización, comunicación e difusión do proxecto Nós.

6.26.1 Estabelecer un sistema de axudas para a incorporación da lingua galega en produtos tecnolóxicos.

6.27.1 Glosarios e vocabularios de terminoloxía técnica. Actualízalos e publícalos en rede para que poidan ser consultados, sobre todo en temas que evolucionaron nos últimos anos, por exemplo as enerxías renovábeis ou a tecnoloxía.



EVA FERNÁNDEZ PRIETO

- 6.28.1 Creación de referentes de calidade lingüística, especialmente en certos ámbitos.
- 6.29.1 Aposta clara polo uso do galego nas novas producións culturais.
- 6.30.1 Aposta da CSGA por produtos que fomenten a calidade lingüística da poboación, na liña de produtos como dígocho eu, aumentando a aposta a contidos para aprendizaxe sistemática de galego para poboación estranxeira e tamén de creación de recursos para a aprendizaxe de portugués.
- 6.31.1 Priorización de música en galego e portugués na Radio Galega.
- 6.32.1 Inclusión de todos os produtos en galego na nova plataforma agalega.gal.
- 6.33.1 Garantir un 50% de contidos en galego naqueles medios que reciben subvención polo seu uso e o cumprimento dos requisitos das licenzas de emisión.
- 6.34.1 Apoio á creación de contido en galego, especialmente nos medios públicos.

- 6.35.1 Estabelecer liñas de subvención ás creadoras e creadores de contido en galego.
- 6.36.1 Apoio ás iniciativas en galego nas redes sociais.
- 6.37.1 Utilizar os fondos que recibe a Xunta do PERTE do Estado para fomentar os produtos audiovisuais en galego.
- 6.38.1 Reciprocidade nas TV galegas e portuguesas, e intercambio nas plataformas dixitais (AGalega e RTP, Xabarán e ZigZag...).
- 6.39.1 Fomentar o intercambio cultural coa lusofonía, difusión da cultura lusófona na Galiza e a presenza de produtos culturais galegos en mercados lusófonos e a participación galega en eventos panlusófonos.
- 6.40.1 Programas de ensino de galego e portugués nos medios públicos galegos, con especial fincapé nas redes sociais.
- 6.41.1 Estabelecer legalmente os mínimos e de proxección de filmes en galego nas salas de cinema e incentivos para o facer.
- 6.42.2 Conseguir que RTVE emita todos os seus contidos con opción dobrada ao galego nomeadamente na programación da canle específica infantil e xuvenil e nos contidos da súa App e que retornen as emisións da canle en galego RNE4.
- 6.43.2 Monitorizar e establecer canles de diálogo coas principais empresas tecnolóxicas galegas e multinacionais para promover a incorporación do galego nos seus servizos e produtos empresariais de empresa a empresa, e de empresa a consumidor.
- 6.44.2 Promover un libro de boas prácticas, para a administración dixital en galego.
- 6.45.2 Campaña para evitar a inclusión de cancións en español dentro da música tradicional galega e concienciación sobre a orixe desta práctica (diglosia e cambio ao castelán por parte das informantes).

→ 7. Cultura

- 7.1.1 Estabelecer unhas cotas mínimas de galego nas programacións culturais
- 7.2.1 Cumprir a lexislación para que nas plataformas de contido audiovisual exista a opción de visualización en galego
- 7.3.1 Aumentar as axudas para a tradución ao galego
- 7.4.1 Apoiar a produción audiovisual en galego (VO, VD e VOS): desenvolvemento, produción, exhibición, promoción de longametraxes, series, curtametraxes etc.
- 7.5.1 Apoio á edición de revistas en todos os formatos, audiolibros etc.
- 7.6.1 Dobraxa de videoxogos a galego.
- 7.7.1 Apoiar a creación de contidos dixitais en internet, especialmente os dirixidos á xente nova.
- 7.8.1 Apoiar a incorporación do galego nos xogos de mesa.
- 7.9.1 Garantir a presenza da produción editorial, discográfica, cinematográfica, de xogos de mesa etc. en galego (con respecto á esollta ortográfica das autoras) e portugués nas bibliotecas públicas de Galiza.
- 7.10.1 Galego prioritario na sinalética e cartelaría, nas comunicacións das institucións públicas e incentivar a presenza de música en galego e actos que reciben cartos públicos.
- 7.11.1 Campaña e incentivos para que as orquestras realicen o seu labor de animación en galego.
- 7.12.1 Apoio e incentivos ás orquestras nas que, polo menos, a metade do seu repertorio estea en galego.
- 7.13.1 Promoción de artistas de todos os niveis que escriban e canten en galego, especialmente a través dos medios de comunicación públicos como a CSAG e tamén a través de internet e das redes sociais.

- 7.14.1 Apoio as produtoras, distribuidoras e plataformas musicais para que estean en galego os deseños, álbums e o material promocional de artistas musicais que sexan de Galiza ou cando o seu ámbito de actuación sexa Galiza.
- 7.15.1 Asegurar a execución das partidas orzamentarias previstas anualmente para a dobraxe.
- 7.16.1 Incrementar as partidas para dobraxe e non reducilas.
- 7.17.1 Fomentar a dobraxe de filmes que se vaian estrear nas salas de cinema.
- 7.18.1 Pór en valor os produtos dobrados, boa promoción e emisión en bos horarios de audiencia.
- 7.19.2 Ampliar a oferta de clubs de lectura en galego nas bibliotecas públicas
- 7.20.2 Creación dunha Rede de Artistas e asociacións culturais para fomentar o lecer e ocio infantil en galego en coordinación cos concellos, deputacións...
- 7.21.2 Grupos de xogos para as crianzas fomentados polas Administracións, asociación de veciños... Campañas para prestixiar a aprendizaxe do galego.
- 7.22.2 Campañas para animar as crianzas no galego tipo Axóuxere, Os Bolechas etc.
- 7.23.2 Creación de aulas de inmersión lingüística para que as persoas migrantes se acheguen ao galego.
- 7.24.2 Campañas nas tendas de discos e as plataformas análogas de internet para a promoción e venda de música en galego.
- 7.25.2 Potenciación e impulso da canción en galego mediante os festivais e tamén mediante axudas a artistas.

→ 8. Proxección exterior e lusofonía

As dificultades de uso e de acceso a actividades e servizos culturais en galego nos concellos de lingua galega fóra do territorio da comunidade autónoma son permanentes. A situación de exclusión e a emerxencia lingüística nestes territorios e nos concellos de Estremadura onde se fala é aínda moito máis intensa que onde o galego ten recoñecemento como lingua oficial.

Ademais encontrámonos coa negación da galegitude das variedades de galego faladas neses territorios, co obxectivo de reforzar a idea de ser esta unha lingua de ínfima categoría e sen vencello co sistema lingüístico galego-portugués. Mesmo chegando á situación de impor unha denominación como linguas diferentes para desconectalas do dominio común e pretendendo agochar

baixo unha fasquía científica o que só ten fundamento político-ideolóxico ou, no mellor dos casos, burocrático-administrativo.

En relación coa proxección exterior da lingua o principal reto co que nos encontramos neste momento é –unha vez que se abriu o debate e a posibilidade real de atinxila– o recoñecemento do galego como lingua oficial da Unión Europea e a entrada de Galiza na UNESCO. O primeiro é imprescindible para conseguir avances reais en sectores nomeados tanto neste documento como no PXNLG de 2004, nomeadamente aqueles relacionados co dereito ao uso no consumo e, en xeral, no ámbito socioeconómico.

A respecto da lusofonía, a pesar da aprobación unánime da Lei 1/2014 para o aproveitamento da lingua portuguesa e dos vínculos coa lusofonía, promovida como Iniciativa Lexislativa Popular, esta norma está moi lonxe de ter sido aplicada. Cómpre aumentar e mellorar os esforzos tanto por parte da sociedade como dos poderes públicos por fortalecer os vencellos históricos entre Galiza, Portugal e os países lusófonos, aumentar e promover a oferta de portugués nos centros educativos, estender o coñecemento da lingua e nomeadamente, adoptar todas as medidas necesarias para asegurar a receptividade mútua de emisións audiovisuais, de radio e televisión e calquera dos seus soportes salvando todos os obstáculos técnicos.

O recoñecemento do galego como lingua oficial da Unión Europea é imprescindible para conseguir avances reais en sectores nomeados tanto neste documento como no PXNLG de 2004, especialmente aqueles relacionados co dereito ao uso no consumo e, en xeral, no ámbito socioeconómico.

➔ OBXECTIVOS DO SECTOR PROXECCIÓN EXTERIOR NO PXNLG DE 2004

Proxección exterior da lingua

- Apoiar institucionalmente o uso e promoción do galego nas comunidades de fóra de Galicia nas que ten uso.
- Impulsar a proxección da lingua e da literatura galega fóra de Galiza como manifestación dunha cultura diferenciada e como expresión social do pobo galego.
- Apoiar a acción cívica dos emigrantes e desprazados dirixida a conservar o uso da lingua e a manter a conexión coa realidade cultural de Galicia. Promover o pleno recoñecemento do carácter plurilingüe do Estado.

Relacións co resto do Estado e co exterior

- Conseguir que no Estado español se xeneralice con cordialidade o recoñecemento de que o galego é a lingua propia de Galicia.
- Facer posible o estudo do galego, como segundo idioma moderno, en toda España no ensino non universitario.
- Fomentar a presenza do galego no ensino universitario, así como a súa investigación.
- Impulsar a presenza da lingua, da cultura e da literatura nas comunidades do Estado das autonomías.
- Promover medidas que favorezan a información internacional verbo da realidade lingüística de Galiza e da súa cultura diferenciada.
- Consolidar o ensino e a investigación do galego nas universidades nas que xa existe como materia de estudo e introducilo noutras universidades de interese estratéxico.

Relacións con outros territorios de lingua galega

- Garantir a formación en lingua galega nos centros de ensino das comunidades de fala galega de fóra de Galiza.
- Crear espazos nos que os habitantes de territorios galegofonos poidan usar a súa lingua en calquera tipo de relación.
- Facilitar o acceso das persoas destes territorios aos medios de comunicación públicos de Galiza.
- Prestar a axuda que estas comunidades demanden para o mellor coñecemento, conservación e progreso da lingua que nos é común.

Emigración

- Apoiar institucionalmente o uso e a promoción do galego nas comunidades de emigrantes galegos.

Aproveitamento dos vínculos coa lusofonía

Partindo do sinalado na Lei 1/2014 para o aproveitamento da lingua portuguesa e dos vínculos coa lusofonía podemos sinalar os seguintes obxectivos:

- Impulsar o coñecemento do portugués e das culturas lusófonas en Galiza.
- Introducir o ensino do portugués nos centros educativos galegos.
- Fomentar relacións e colaboracións con países de lingua portuguesa, especialmente en eventos e foros.
- Facilitar a reciprocidade nas emisións audiovisuais entre Galicia e Portugal.
- Promover o intercambio e a cooperación cultural e lingüística con países de lingua portuguesa.

A pesar da aprobación unánime da lei 1/2014 para o aproveitamento da lingua portuguesa e dos vínculos coa lusofonía, promovida como Iniciativa Lexislativa Popular, esta norma está moi lonxe de ter sido aplicada. Cómpre aumentar e mellorar os esforzos tanto por parte da sociedade como dos poderes públicos por fortalecer os vencellos históricos entre Galiza, Portugal e os países lusófonos, aumentar e promover a oferta de portugués nos centros educativos, estender o coñecemento da lingua e nomeadamente, adoptar todas as medidas necesarias para asegurar a receptividade mútua de emisións audiovisuais, de radio e televisión e calquera dos seus soportes salvando todos os obstáculos técnicos.

➔ AVALIACIÓN E PRINCIPAIS OBSTÁCULOS DETECTADOS

- Falta de vontade política e institucional: a ausencia de compromiso por parte das administracións é recorrente en case todas as medidas.
- Insuficiencia de financiamento: a escaseza de orzamento público limita a execución das accións propostas.
- Desinterese institucional e social: percíbese unha falta de interese real pola promoción do galego, tanto nas institucións como -por contaxio- en boa parte da sociedade.
- Resistencia política e social: nalgún territorio existe oposición á promoción do galego, a miúdo asociada a un suposto "imperialismo galego" no que se ampara a galegofobia institucionalizada.



OSCAR ANTÓN PÉREZ GARCÍA

- Boicot e oposición manifesto do actual goberno á oficialidade do galego na UE ou á participación de Galiza con voz propia na UNESCO ou na OMT.
- Obstáculos ideolóxicos e legais que impiden a reciprocidade nas relacións e na comunicación lingüística e cultural entre Galiza e Portugal.

➔ MEDIDAS COMPLEMENTARES PROPOSTAS

- 8.1.1** Impulso e actuación por parte de todas as administracións, nomeadamente a Xunta de Galiza, para o recoñecemento da oficialidade do galego na Unión Europea.
- 8.2.1** Promover a oficialidade do galego nos estatutos de autonomía de Asturias, Castela-León e Extremadura, cunha acción decidida e comprometidas de todas as institucións.
- 8.3.1** Realizar unha ampla oferta de ensino de galego para adultos non universitarios residentes no estranxeiro e, nomeadamente, nos territorios de lingua galega fóra da Comunidade autónoma.
- 8.4.1** Apoiar institucionalmente o uso e promoción do galego tanto nas comunidades galegas de fóra de Galiza coma nas terras de lingua e cultura galegas en Asturias, León, Zamora e Cáceres.
- 8.5.1** Favorecer que os medios públicos galegos consideren estes territorios como noticiábeis a todos os efectos por medio de correspondentes.
- 8.6.1** Propiciar e instar os medios de comunicación de Galiza, e tamén os de fóra, a que empreguen a toponimia galega non deturpada destes territorios.
- 8.7.1** Introducir o tema da lingua nas cimeiras bilaterais de Galiza con Asturias e Castela-León.
- 8.8.1** Apoiar as accións cívicas e institucionais dirixidas á conservación e promoción da lingua nos territorios extramurados de lingua e cultura galegas de Asturias, León, Zamora e Cáceres mediante convenios de colaboración con autonomías e asociacións.
- 8.9.1** Realizar actividades lingüísticas dirixidas a fillos de emigrantes (campamentos e cursos de inmersión lingüística etc.).
- 8.10.1** Introducción da Lingua Portuguesa a todo o alumnado non universitario, xa como materia propia, xa como parte do tempo de estudo dedicado á Lingua Galega.
- 8.11.1** Pór todos os medios a disposición dos centros e administracións educativas dos territorios de lingua galega fóra da comunidade autónoma para o ensino en galego.
- 8.12.1** Aplicación real e cumprimento efectivo da Lei Paz Andrade con datas e obxectivos concretos.
- 8.13.1** Aproveitamento do portugués como vínculo social, político-administrativo, cultural, económico, empresarial etc.
- 8.14.1** Respetar as opcións normativas que converxen co portugués.
- 8.15.1** Intercambio de agrupacións folclóricas, grupos de teatro entre Galiza-Portugal e Galiza e os territorios de lingua e cultura galegas noutras comunidades autónomas.
- 8.16.1** Axenda cultural conxunta do terceiro sector e administración pública.
- 8.17.1** Implementación real do concepto de Euro-cidade (exemplo de boas prácticas: Tomiño-Vilanova).
- 8.11.1** Proxección de filmes en portugués en VOS nas programacións de cinema.
- 8.12.1** Solicitar a entrada de Galiza como membro de pleno dereito da CPLP
- 8.13.1** Creación, orzamento e dotación humana e material do INSTITUTO ROSALÍA DE CASTRO (IRC) para a promoción da lingua e cultura galegas no exterior.
- 8.14.1** Fomentar a proxección exterior da nosa lingua e sector cultural mediante as accións e programacións do INSTITUTO ROSALÍA DE CASTRO.
- 8.15.1** Activar os mecanismos para a entrada de Galiza en organismos internacionais como a UNESCO e a OMT.
- 8.16.2** Apoiar as entidades sociais a favor do galego en todos os territorios de lingua galega e establecer acordos de colaboración coas autonomías onde haxa territorios de Lingua Galega
- 8.17.2** Promover a sintonización e descargas das Apps da TVG nos territorios de lingua galega fóra da Comunidade autónoma.

LINGUA VITALXA!

PAREMOS A EMERXENCIA LINGÜÍSTICA

